

SPANISH PROGRAMME
Monday night, 2nd. February 1948
21.00 - 21. 45 GMT.

GALICIAN PROGRAMME No. 9.

First talk : "O Celtismo na Poesía de Eduardo Pondal"
por Salvador Lorenzana (pen-name of
Francisco Fernández del Riego).

Second talk : "Relaziôs Prehistóricas entre Galiza i-as Illas Britânicas". por Florentino L.
Cuevillas.

Edited by Javier Fernández. (Original broadcast).

1. RECORD: PARL.F. 3326 Sig. tune. "Cock o' the North". 20".
Fade behind.
2. COMPERE: Emisora de Londres da BBC. Están escoitando a canzón escocesa "Cock o' the North", o "Galo do Norte", co qu'abrimos a nosa trasmisión en língua galega.
RECORD UP AND OUT. Total 1'00".
3. COMPERE: Damos comenzo o noso programa cun traballo titulado "O Cel tismo na Poesía de Eduardo Pondal" preparado especialmente para BBC pol-o escritor santiagués Salvador Lorenzana. Di así este traballo:-
4. DISC: DBU 10226, 21.1.48. Duration 8'25". "O Celtismo na Poesía de Eduardo Pondal" by Salvador Lorenzana. Text as follows:
A figura de Pondal, o gran poeta galego do 19, é debondo coñecida. Eduardo Pondal, o solitario de Bergantinos, foi un home eleutrizado, tenso, sobor da ponte que serviu de pasadelo antre a pasada época e a época nosa. Facendo vibrar anguriosamente, a central dos seus nervos hipersensibeles, atopou á base de descreber órbitas coas sensacions inmorrentes de Galiza.
O vencello do bardo bergantinán coa poesía britânica, está ben demostrado. Pondal leeu a Milton, leeu a Shakespeare... Pero estudou, sobor de todo, os poemas ossiânicos, co traveso da versión francesa de Christian.



REAL ACADEMIA GALEGA

1. DISC: MacPherson exercêu, certasmente, un positivo infruxo na obra pondaliana. Dos poemas gaélicos tomou o autor de "Queixumes dos Pinos" o âr pre-romântico, de sénardâ, de afastamento; o amor á vida rústica, á salvaxe natureza. D-iles herdou certa vaguedade mitolóxica céltica, con algunha antropónima sonorosa de guerreiro ou bardo. E asacou, asimade, a reverencia polos groliosos feitos da esquecida historia da patria, en trance de morte.

En muitos dos poemas pondalianos, léixase entreollar, a néboa de horizontes de lonxanía, coma as traducións dos poemas do Norde. A raigaña é de ossianismo puro. Non embargantes, por riba d'iste vencello, hai una personalidade de seu, no verso do poeta de Ponteceso. Compre a acralación, xa que a lembranza arrodea o nome de Pondal, no senso literario, coma un lugar común: un dos tópicos necesarios e falsos, pois os procedimentos dos poemas refundidos por MacPherson e os de Pondal, son ben diferentes. Nos poemas gaélicos hai dramatización literaria, grandes escéas sostidas, todo o longo traballo da sensibilidade sistematizada. Nos poemas pondalianos, a impresión é rápida, corteira, evocadora e xusta, con unha xusteza que franqueia o espírito, o esceario e o drama que o poeta esdeñon escribir. O parentesco eisiste; sería imposibel negalo; ven da fonda concencia xeral da raza celta. Pero no poeta galego alumea d-outro xeito persoal e moderno. Haj que ler adispaciño a poesía de Pondal pra se decatar coma en toda ela latexa o cerne do celtismo. Pondal capta o coorido branco e verde dos horizontes, e commóvenos co serío tremer d'unhas emocións que alumean o coñecimento do galego. Cabalmente, pol-o seu mesmo estilo insuflado da escura cralidade das evocacións druídicas. Eduardo Pondal dinos o misterio da xeografía de Galicia; o esterno trócas-



1. DISCO (continué): súñeme ás pesas que sonas e obxas nelas
que intemoen as suas máns... Despois dí-lle, cada unha das
que obvoce se caladas ao longo de séculos, virán a nos contar
as verdades sonoras e campestres. Así, as tonalidades
que sonas célticas - uns tanto poéticas e un tanto misteriosas -
escoan idental-as estrofas, as ulagándoas nun recendo
que sonas descoñecidos e milenario. O ritmo dos versos está
romant oñes presidido por unha constante referencia á Celtia antiga.
As lembranzas que traen os salvaxes valde Brántoa, amado
por todos celtas, esornado de piñeiro, onde se labra pra
 persoaxes ossiánicos, cala Gondar, o fillo de Ouco, un
sepulcro da modo dos celtas - "tan Isodde tí conocido".
Os xiros/matiz con que rememora o encontro de Gundariz
Cairbar, baixo os ioutos carballos de Lourido, na fría
noite de inverno, onde brúa o vento abaneando as ponlas
de vello pinal de Froxán. A acordanza da campa de
Bradomil; dos castiñeiro de Dorneá; do garrido castro
de Nemenzo. A evocación da fada que vagueaba polos
campos, verdes como os de Erin, verquendo arrecendos nos
seus pasos nenos, virxe céltica habitadora dos castros
onde moraban os abós... Eis o verso: "Engañoso Morpeguite
fada de doce mirar". O mundo poboado de fadas, como as
Illas Arán de Synge. Os nosos ollos intelixualizados
non as poden ollar. Vestidas de brétema, fuxen polo
calado verdecer da gándara, e apéganse aos cóns da costa.
Soio queren os bicos da escuma, e mixtúranse de ledicia
nos brazos da chuva e do vento. Synge fala da música
das fadas, que, algunas vegadas, ouvíse denantes de
apuntar o dia. No naturalismo de Pondal, a fada Vóltase
muller, e a muller fada.

Sería cousa de non rematar facer completa relación

de como en Pondal, as musas visten traxes ancestrás,

XXXXXESY XXXXXSXXXXXENIXXXXXXXXREXXXX



1. DISC (Continued) :

danzando á soma das sagras enciñas a inmorredoira
canción do poético. Si comparamos a poesía
pondaliana con muitos poemas dos celtas do Norde,
percebemos como istos poderían ser do bardo
bergantiñán, pol-a semellanza dos sentimientos que
eispresan, coas suas propias emocions.

Ningunha poesía como a céltica se ocupa tanto
da vellez, da decadencia, nin a olla con tanto tremor.
Ningunha eispresa tanta saudade de mocedades, das
cousas que teñen pasado pra sempre. Abonda con
citar os versos de Eduardo Pondal aos "Carballlos de
"obraco do Carballido". O seu paralelo británico atopáremolo
en "Os vellos tempos pasados", de Burns. Hai, tamén,
a saudade da terra ceibebedredenta, que canta o
poeta de Ponteceso:

"Ou canta luz eu vexo - que na futura edá,
da tua frente sae - xente de Breogán!".

O seu paralelo atopáremolo nos infindos poemas
irlandeses que nos falan de "Dark Rosaleen", nos
versos de Fanny Parnell:

"Ollarán os meus ollos a tua grolia, terra miña,
ollarán os meus ollos a tua grolia?
Ou cobriráos a noite sin que ollen
Brilar o sol na tua historia?".

A eispresión más intensa ergueita da
saudade, está, quizaves, no anceio más carauterís-
tico dos poetas célticos: o anceio do imposibel.

Veleiquí os versos de Pondal ao ollar pasar as aves
que van "en demanda das illas Sisargas, seu noto
reparo":



1. DISC (continued) : -

"Ah! Quen fora comélas tan libres...
Quén poidera vivir coma elas,
nas prayas e bancos,
nos baixos e furnas,
nas sirtes e fachos,
nos seos esquivos
dos feros peñascos!".

A mesma idea inspira a Yeates, cando dí :

"Si poidéramos ser, vida miña, brancas aves
frotando na escuma!

O escintilo da estrela fugace xa nos cansa
cando ainda nos alumea, suspenso no borde do ceo
e o luceiro da chama azuada,
suspenso no borde do ceo
espertou nas nossas almas, amada, un amor que non
/ ten consó".

2. COMPERE : I-así termina o traballo titulado "O Celtismo na poesía de Eduardo Pondal" do que é autor o escritor santiagués Salvador Lorenzana.

Escoiten agora a Melodia galega "Adiós A Mariquiña"

de Chané e Curros Enriquez , interpretada por Conchita Supervia.

3. RECORD : Odeon 121.152. "Adios a Mariquiña". (Chané y Curros Enriquez". Melodia Gallega, sung by Conchita Supervia. Dur. 4' 25".

4. COMPERE : Ouviron a Melodia Galega "Adios a Mariquiña" de Chané a Curros Enriquez interpretada por Conchita Supervia.

A continuación, vamos a rádiar un traballo do arqueólogo ourensán Florentino L. Cuevillas, sobre as "Relazioni Saliza i-as illas Británicas". Iste prehistóricas en



1. COMPERE :

traballo de Florentino L. Cuevillas dí así: - (Bombardeado) Deia

2. RECOMEND :

DBU. 10226.A., 31.1.48. Dur. 3'45".

"Relacións prehistóricas entre Galiza i as Illas Británicas". by Florentino L. Cuevillas. Text as follows:

Non e soio Breogan, que veu ao lonxe a illa de Hirin e mandou a ela ao seu fillo ITH con barcos e con homes. Non é sóio Creidne o ourine irlandés que se afogou no mar cando voltaba da Galicia de mercar ouro, e os machados galegos que se atoparon na Irlanda e na Ingraterra, e a identidade de moitos petroglifos dos tres países e a lúmula que apareceu en Cabaceiras de Basto. Hai mais, moito mais, e ainda con significanza mais subida.

En Ingraterra unha tribu precelta, a dos Albios, deu nome ao país, e outra tribu dos Albions, estaba estabrecida e asentada na bisbarra que queda entre Foz e o río Navia. En Ingraterra houbo os Britanos e unha diocesis galega, que debe ser aitual de Mondoñedo, chamabase Britonia; e hai pouco atopouse non lonxe de Lugo unha lapida erixida en honra de Coventina, a deusa que deu nome a Coventry.

Os galegos coñecemos ben o perfil dos nosos castros, coñecemos as suas chairas aplainadas, os muros que sosteñen os terraprens, os fosos que se abren nos lugares de espumación mais doada, os vestixios dos parapetos, os dispositivos das portas; pois ben se foramos ao Cornual ou ao País de Gales, atopariamos os nosos castros, da sua mesma forma, cas suás defensas, cas suás mésmas casopas arredon como as do Trega, as de Troña, como as de Briteiros e Santa Lucía. E se despois visitaramos os museos onde se gardan os espolios distes castros galegos ou cornicos, ollariamos niles cerámicas estampadas iguaes as nosas e fibulas como as das nosas estacions trexas. E teríamos adquirido por cabo e por convencimento



1. RECORD : (continued)-

que entre o noroeste hispanico, entre o que os romanos desinhanaron co nome de Galecia, e as Illas Británicas, tiña eisido, en tempos anteriores á historia, a nosa historia polo menos, unha relación estreita e seguida.

Ora, ¿onde está a razón de ser diste especial avençellament? ¿No sangue? ¿No comercio? Non se sabe. Poñamos que está na terra e no mar.

Ainda hai quen di que os plegamentos que orixinaron as nosas serras son os mesmos que ergueron as serras de Escocia. Poda ser que sexa verdade ou que non-o sexa, mais non hai dubida de que os nosos toxos e as nosas carpazas son as mesmas que cobren as gándaras e os montes das Illas Británicas.

E o seu mar é o noso mar e as rias de Gales e da península cónica son ben semellantes ás nosas rias. ¿Qué vida foi a que correu en tempos lonxanos por iste mar, que nos arredaba a nos xunguía, por iste mar, que na mentras o Mediterraneo falaba, ainda non tiña verba nin voz?

Non-o sabemos, e poda ser que non importe moito sabelo, porque o principal é o feito inconcuso dunha irmandade atlántica, que viviu na prehistoria e que foi asolagada pola historia.

2. COMPERE : Ouviron un traballo do arqueólogo ourensán Florentino L. Cuevillas sobre as "Relazôs Prohistóricas entre Galiza i-as Illas Británicas".

A nosa trasmisión terminou. A todos os nosos ouvintes, desexámossiles, dende Londres, Boas Noites.

3. RECORD : COLUMBIA A.1493. "Muiñeira de Cartelle". Dur.....



SPANISH PROGRAMME
Monday night, 15th March 1948
21.00 - 21.45 GMT

GALICIAN PROGRAMME - No. 10.

Edited by Javier Fernandez.

Original broadcast.

RECORD: Parlophone F.3326. Signature Tune, "Cock of the North". 20 seconds. Fade behind....

COMPERE: Emisora de Londres da BBC. Están escoitando a canzón escocesa "Cock o' the North", o "Galo do Norte" co qu'abrimos a nosa trasmisiòn en língua galega.

(RECORD UP & OUT. TOTAL DURATION 1 MINUTE)

COMPERE: Damos comenzo ó noso Programa, cun traballo titulado "En Lembranza de Manuel Murguià", preparado especialmente pra BBC polo escritor Salvador Lorenzana. Di así iste traballo:

RECORD: DBU.11944, 13.3.48. Duration: 10'57"
"EN LEMBRANZA DE MANUEL MURGUIA"
by Salvador Lorenzana. Text as follows:-

No mes de febreiro de 1923, morre Don Manuel Murguía. Rematan de se cumprir, pois, vintecinco años dende a súa morte. C6 gallo d-iste cabo d-ano, resulta obrigado adicar unha lembranza ao gran Precursor das Letras Galegas.

Murguía tiña nado en 1853, un dos anos típicos do Romantismo. A súa mocedade lábrase c6 abanearse dos ventos románticos. Sendo mui novo, é xa un escritor de soado nome; é un novelista, un crítico un xornalista coñecido, que conquire, mozo ainda, un posto enlevado no mundo literario de Madri. Non embargantes, se non deixá seducir polo falago doado o ambiente lle empresta. Renuncia ao brillante



REAL ACADEMIA GALEGA

porvir que o crima madrileño da literatura lle ofrece, i-entrégase de cheo a unha máis outa misión. Decátase de que tiña que erguer Galicia, e levala a cumplir o seu futuro. Sinte un fondo amor pola Terra; e iste amor tráeao en investigador, en erudito. Sin se vencellar á cánones, nin se atar á sistemáticas previas, comeza a traballar. Traballa sin pausa, sin descanso, seguindo a iniciativa que lle dicta a súa formación autodidacta.

A vida de Murguía é, dende entón, unha vida de traballo: poucas vidas tan fecundas. Unha luzada de esprazas medra nos verdes horizontes galegos, sobre los castros, as desfeitas románicas, a laboura cotián dos labregos. Murguía vai informando o seu acento, refrexando-o no espello da realidade que abre novos vieiros ao mañán. Murguía é un romántico; por iso fai historia romántica. Fai ista historia, empregando todo o saber de que podía dispónr na sua época; utiliza toda a evidencia dun espírito lúcido coma poucos. D-equí que onde un dato non alcanza, íl aduviña con certeira interpretación.

A historia é, sin dúbida, un arte persoal; toda historia é o xenio d'unha persoa. Fechade as portas e fiestras pra que non entre no fogar da historia a personalidade, e a personalidade colarásela por calisquera fenda. O arte sempre será arte. E o arte é a persoa. A Murguía lle non compría recurrir a teorías peleriñas, pra ser historiador artista. Non pode colocarse, simétricamente, por xeito científico, o que en realidade tén sido un xeito persoalísimo. Murguía vaise adrentando na historia da súa patria, con vocacionado estímuo. Certamente, tivo a intuición e o senso históricos, á maneira do seu tempo. N-unha época de inédita información, de dificultades pro investigador, sabe atopar as grandes vibracións da vida primitiva de Galicia. Vibracións que a tradición e a lenda conservaban.

Falando dos primeiros tempos, muitas vegadas intuitivamente, dá no xusto.  xeito, que hoxe, os descubrimientos veñen a dar a razón ao que íi supuxera. É verdade que lle fallaba o material

depurado sobor do que traballar. É, tamén, certo, que se amosou imbuido polos prexuicios carauterísticos da súa época. Carecía d-unha instrución variada, rexia, de forte base antropoxeográfica, etnolóxica e sociolóxica, coma ben apunta un escritor aitual. Non era, dende logo, un espírito disposto prâ correita interpretación fisiognómica e simbólica dos feitos. Pero a sua obra, por riba de todo, ten dimensión, alicente, vigor, en fin.

Non debe esquecerse que Murguía é historiador por patriotismo; polo tanto, apaixoadoo. Pero enxamáis é infidel á sua tarefa. A honradez preside decote os nordes que o animan. D-eiquí que non haxa gratuidade nas súas afirmacións; as súas conxeturas ampáranse na certidume d-unha base real.

Murguía escribe historia coma pretesto pra espallar os seus anceios políticos de renovación. Así vaise internando no pasado do seu país pra atopar a leición percisa, o antecedente necesario. Día a día, o mestre estén dese, e intensifica a sua laboura. Sinte a hirmandade das familias célticas, aniñadas nas beiras do Atránteco. Percorre, coma pode, os cóns más escondidos da Terra. En todo intre amécense n-il - por rara coincidencia - o talento analítico do erudito, e o sentimento sintético do escritor, que olla na Paisaxe, a Raza e o suceder do Tempo.

Galicia, no circo de Murguía, adquire unha amplitude, unha densidade, unha organización, que é o que constitui a sua obra. Ten chegado Murguía a domiñar a Galicia; domiña-a con serenidade, non eisenta de sana paixón; teñen chegado os días de cordial comprensión pra un pobo, de cuia esencialidade de ser, desertaban as súas mentes escrarecididas. Murguía, a contrapelo do ambiente, argüe coa dialéitica da verdade. Na súa "Historia de Galicia", o idioma, por exemplo, adquire a súa verdadeira importancia, coma indicador perciso da nacionalidade. Concurrindo coa peculiaridade lingüística, perséntanse os feitos xeográficos. E á carón dilo, outras realidades incuestionables que afirman a existencia diferençada do país. E inutii, así, a orlle tacha



n-ista ou na outra miudeza de información arqueolóxica e histórica.
/somentes
Murguía/persigue - nobres armas ao brazo - o soerguemento da
nosa persoalidade cultural soterrada.

Pero Murguía non é, tan soio, historiador. É, tamén, poeta, novelista, crítico... É dono do segredo d-unha prosa suxestiva, atraínte. Prosa evocadora, musical. Suxerindo, máis que eispresando, a prosa de Murguía chega a unha outa categoría estética. Os galegos teñen que lêr a prosa de Murguía, orballada de brétemas sutís, onde a visión do pasado de Galicia, ten a vida saudosa e prometedora dos longos outonos nos nosos campos. Fé, confianza, alento, beleza, poden atopar as novas xéracións nas páxinas de Murguía; ademáis de fonda exemplaridade, enxamáis afastada do ideal.

Un fondo afán de amor á súa terra, guía a laboura do Mestre. A iste movemento de amor á Galicia - o de calisquera e de todas e cada unha das obras de Murguía, coma o de todos e cada un dos seus aitos na vida - déu o doaire murguiano unha animación viva espiritual. Animación que é a propia súa: a da súa alma estremacida polo ár natural e galeguísimo que á alenta. A crítica, unhas veces curta e outras longa de vista - con cansazo e con miopia - ten coñado poder entender a obra do mestre coa sinxela consideración superficial do seu mecanismo. ¡Cómo si a viva e poética dinamicidade xenial - ou xeneradora - de Murguía, non tivese causa espiritual muito máis fonda!

I-é que esa crítica, o que teima é un análise do morto, do despollo mortal da obra de Murguía; unha autopsia do corpo morto da historia murguiana. E ¡cralo!, lle non atopa a alma, lle non colle o ár. Porque é a alma a que rixe a aituación inmorrente de calisquera movemento n-ista persoa de Don Manuel Murguía: nas súas obras, como na súa vida.

Hai que voltar, pois, os ollos á ista obra e á ista vida persoal de Murguía. Porque todo é animación galega n-illas, todo surrisa de auténtica aleguidade. REAL ACADEMIA GALEGA Mais comprehensiva surrisa da



verdade de Galicia. Hai que voltar os ollos á ista obra, azada pol-a surrisa da más fina sensibilidade, da más pura intelixencia. De atal xeito nos surrí, primadeiral, lumiosa, en muitos aspeitos perfeita; obra viva de amor, ao cabo, á esencia da Terra, fronteira espiritual do seu autóctono porvir.

E non é que o exemplario murguiano se anose con carai-teres dogmáticos fetichistas. A madureza do moderno rexurdimento cultural de Galicia, xa non gosta de se embarcar na adoración sin beiras, dos seus Precursores. Sabe que con isto se non fai ningunha laboura proveitosa. Toma das figuras orixinarias, a parte da súa obra que se salva pol-a conservación e a sensibilidade de agora. Garda canto intresa, definitivamente, recoller, coma norde na amorosa empresa de erixir e conquerir unha cultura propia; unha igual diñidade espiritual. N-iste senso, arelamos destacar - no vintecinco aniversario da súa morte - a leición que a tarefa de Don Manuel Murguía nos téndido.

COMPERE: I-aquí termina o traballo titulado "En Lembranza de Manuel Murguía" escrito especialmente pra BBC por Salvador Lorenzana.

Alcóntrase en Londres a soprano española Victoria de los Angeles, que veu contratada pol-a BBC pra dar nos nosos estudos, unha serie de concertos, que foron radiados. Ista tarde, interpretou canzós de diversas rexións da Hespaña i-entrelas, a coñecida "Miña nay por me casare", que grabamos en disco e que vamos a tras-meter. Escoiten pois, a Victoria de los Angeles na canzón "Miña nay por me casare".

RECORD : DBU. 11876 15.3.48. 5th. song of the recording from 3rd Programme "Miña nay por me casare" (Galicia) song by V. de los Angeles. Duration: 1'10"

COMPERE : Emisora de Londres da BBC. Acaban d'ouvrir á soprano española Victoria de los Angeles quen interpretou a canzón "Miña nay por me casare".



REAL ACADEMIA GALEGA

A nosa trasmisión terminou. Dende Londres, desexamos a todos os nosos ouvintes Boas Noites.

RECORD : Columbia A.1493. "Muiñeira de Cartelle". Duration 30'.

RECORD



REAL ACADEMIA GALEGA

AR/EKH

SPANISH PROGRAMME
Monday night, 30th August 1948.
22.00 - 22.45 BST

GALICIAN PROGRAMME NO. 14.

Edited by Javier Fernandez.
(Original Broadcast).

RECORD: Parlophone F.3326., Sig.Tune. "Cock o'the North".
10" and fade behind.....

COMPERE: Emisora de Londres da BBC. Damos comenzo á nosa trasmisión en lingua galega.

RECORD: Parlophone F.3326., up and out. Total duration 30"

COMPERE: Ista noite van a ouvir un traballo de Salvador Lorenzana, titulado: "García Lorca, Poeta en Galego". Dí así o traballo de Salvador Lorenzana:-

RECORD: DBU.14641., 15.5.48., duration 10'40".
"García Lorca and his Galician Poems", by
Salvador Lorenzana (pen name of F. Fernández
del Riego.) Text as follows:-

Federico García Lorca - gran poeta, delicado poeta - chegou un día a Galicia. Tragúia canda sí a ialma enteira da sua lírica, andaluza e universal. Unha lírica que era río fondo de troncos, patético, de brazos afogados. Viña a decir nas nosas cidades, aquelas conferencias musicales, folklóricas, poéticas, que tiñan xa escoitado os púbricos de Europa e América.

Federico García Lorca, poeta de todos los sures más antípodas, entraba en nosotros, precisamente, por la múltiple porta verde da paisaxe. Dende sempre, poseía el don indisputable del seu xenio, da sua inspiración eminentemente poéticos. I- en terras de Galicia, tivemos oportunidad de apreciar ese don singular. Perante a súa estada en Compostela - tan admirada por su intelectual andaluz - acompañándolo varios amigos, devotos a fervorosos de su poesía.

Lembramos agora, ao cabo dos años, o divagar nocturno polas ruas, polas plazas santiagueñas. Segundo a teoría das ruas transversales, que se retorcen, que se encostan, chegábamos



REAL ACADEMIA GALEGA

90
â Quintana dos Mortos. San Paio recollíase en misterios de pedra e silencio. As torres da catedral - recortadas como albustros - navegaban na noite como a nao da Deirdre irlandesa. Por riba da semi-escuranza da praza enlousada corrian avindas de alcipreses, evônibus, rododendros de pedra. A voce do poeta leixâbase ouvir, rumorosa, no calar románteco da Quintana. Falábanos da primitiva lonxanía do seu "Romancero", que non é xitano máis que n'algún anaco ao comezo. Na súa esencia, é un retábulo andaluz de todo o andalucismo. A voce, alporizada de evocacións, engadía, que era un canto andaluz no que o xitano sirve de estribiño. N'il atópanse axuntados todolos elementos poéticos locaes, aos que se puxo o rubro máis doadamente ollábel. Son romances de varios persoaxes aparentes, que teñen un soio persoaxe esencial: Granada.....

Pero García Lorca distraía de cotío, a súa atención cara ao tema de Galicia, dos seus poetas representativos, da súa fala fondamente lírica. As súas verbas, finamente emotivas, esleianse nas somas. A torre do reloxo medraba coma unha anceiosa astracción xuvenil. Remataba de deitar, no ambiente quedo e astral, a chuva de magnolias desfolladas das doce. Daquela, a meia lúa leitosa, ceibou, un intre, aos craustros e ás fontes compostelás. O poeta voltaba ao parolar que lle inquietaba. Contábanos da sua afición ao belido encantamento do folk-lore galego; do obsedido aprendizaxe do noso idioma que se tiña imposto; das súas leituras reiteradas de Curros e Rosalía. Foi n'aquiles intres cando nos anunciou a arela de pubricar os seus poemas galegos. Nefito, García Lorca tiña composto, en língua de Galicia, uns versos naturaes, irremediábeis e inspirados, coma os que saían no seu idioma de sempre.

O popular autor da "Oda a Walt Whitman", nacera na paisaxe granadina de Fuente Vaqueros. A sua formación cultural abrangüía o cultivo das más diversas artes. Era pianista e folklorista; transcribiu e armonizou romances e cancións populares. Revelouse, tamén, con unha orixinal eisposición de pinturas e dibuxos, en Barcelona, aló por 1927. Foi un prestixioso criador dramáteco. Mais con todo, García Lorca era, por riba de calisquera outra cousa, poeta. A súa poesía é un volcán que, ás vegadas somellaba durmir, e, de súpito, lanzaba un libro enorme, total. Unha poesía vencellada, sustantivamente, á teoría andaluza do seu criador. Porque, cecáis, o segredo de García Lorca, era o de ser un purísimo exemplo do granadinismo máis granadinamente granadino. Granada - como él mesmo dixo - infriue, cabalmente, por non poder eisistir; porque perde corpo, e conserva, aumentado, o cheiro.

De calquer xeito, se non pode cifrar o ritmo da lírica lorquiana, na temática do "Romancero Gitano". Lorca non é, en ningures, o poeta de pandeireta que se ten querido ollar. O Romanceiro foi escrito en 1924, e pertence ao seu primeiro pasado. Derradeiramente, matinaba a poesía e os temas, con un zume novo. Mais lirismo pechado no dramáteco; un anceio de dar más patetismo aos temas. Pero un patetismo frío, perciso, puramente ouxetivo. O poeta de Granada ollaba o seu propio ser por drento, i ensinaba a ialma andaluza, de graus apertados, como a froita do seu país. Así, o "Diwan del Tamarit", "Poeta en Nueva York", "Sonetos del amor obscuro", o libro "Odas".

En definitiva, a obra lírica do granadino, é d'unha dimensión fonda e vital. Emporiso, entendemos que xa é hora de revisála. E hora de que se seipa que eisiste algo máis que o "Romancero Gitano", que é a súa poesía menor.



- 3 -

Galicia débelle ao gran poeta andaluz, a ofrenda garimosa dun libro de versos, que co tídom de "Seis Poemas Galegos", pubricóu no ano 1935, a Editorial "Nós". Co iste libro, o galego - coma decote na sua historia non trunfa polo domiño, sinón polo encanto. Coma o prologuista - outro bo poeta - dí: "Cando me falan de que Galicia enxamáis soupo mandar, eu resposto que soupo encantar, que é a máis imperecedeira soberanía.

Federico García Lorca chegou a nosa terra e a nosa fala, por iste puídente motivo. Do mesmo xeito que viñeran en épocas antergas afamados poetas, estranos a nós. Os Cancioeiros todos, dende o de Resende deica o de Baena - que e o de divisoria ou deslinde - están cheos de poetas de outras terras e outras linguas, que empregaron con amorosa afición a de Galicia. García Lorca veu a ela, coa gravitación natural de aquiles grandes poetas de tempos pretéritos.

Ista, e non outra, é a razón pol-a que o lírico de Fuente Vaqueros se achegou a demandar o segredo, ténue, frolido, da nosa lingua, docemente terca, que se empeña en ser inmorredoira; que se obstina en aparecer, de cando en vez, por antre as fendiduras dos séculos, con ollos novos de recén nada. A ansia que a oprixe de recuperar en cada aitualidade, a grandeza eistinta. A mesma ansia que enroitou o norde de outras linguas, que asín emprincipiaron: con un pasenijo esperezo lumioso, como as alboradas.

García Lorca, como ben dí un escritor novo - chega a nós pra herborizar froles pequeñas na paisaxe da nosa terra. ¡En toda a paisaxe! Na da nosa tenrura, "Nouturnio do adoescente afogado":

"Súa i-alma choraba, ferida e pequena
embaixo os arumes de pinos e d'herbas
Agoa despenada baixaba da lúa
cobrindo de lirios a montaña núa."

Na da nosa paisaxe espiritual, que é a saudade, "Cantiga do neno da tenda":

"¡Triste Ramón de Sismundi!
Sintéu a muiñeira d'ágoa
Mentras sete bois de lúa
pacían na súa lembranza".

Na paisaxe do noso pasado, que son as cidades santas, "Madrigal á cibdá de Santiago":

"Olla a choiva pol-a rúa
laio de pedra e cristal
Olla no vento esvaído
soma e cinza do teu mar".

Na paisaxe dos nosos mortos, "Canzón de cuna pra Rosalía morta":

"Dende Belén a Santiago
Un anxo vén, en un barco.
Un barco de prata fina
que trai a door de Galicia.
Galicia deitada e queda
transida de tristes herbas".

Na paisaxe da nosa fe primaria e paisaxista, "Romaxe de Nosa Señora da Barca":



"Pol-a testa de Galicia
xa ven salaiando a i-alba.
A Virxen mira pra o mar
dend'a porta da súa casa".

COMPERE: Emisora de Londres da BBC. Acabari d-ouvir un
traballo de Salvador Lorenzana, titulado "García Lorca, Poeta en
Galego". A nosa trasmisión terminou. Dende Londres, deseamos
a todos os nosos ouvintes "Boas Noites".

RECORD: COL.WK.1397 (A.1493) "Muiñeira de Cartelle".

END.



REAL ACADEMIA GALEGA

SPANISH PROGRAMME
Monday night, 27th Sept. 1948
22.00 - 22.45 BST

GALICIAN PROGRAMME No. 15

First part: "Duas Xeracións ao Servicio de Galicia",
by Salvador Lorenzana.

Second part: "A Forza Segreda", by J. Crecente Vega,
from his book "Codeseira".

Edited & presented by Javier Fernández. (Original broadcast).

RECORD: Parlophone F. 3326., Sig.Tune: "Cock o' the North"
10" and fade behind.....

EMPERE: Emisora de Londres da BBC. Damos comenzo á nosa trasmisión
en língua galega.

RECORD: Parlophone F.3326, up and out. Total duration 20".

EMPERE: Ouvirán pirmeiro un traballo de Salvador Lorenzana, titu-
lado "Duas Xeracións ao servizio de Galicia". Di así o
traballo de Salvador Lorenzana.....

RECORDED TALK: DBU.20353.A., 25.9.48., duration 8'53"
"Duas Xeracións ao servizio de Galicia", by Salvador
Lorenzana (pen-name of F. Fernández del Riego).
Text as follows:-

A nosa cultura autóctona contemporánea, é froito da
convivencia de dúas xeracións: a dos chamados Continuadores ou
Novecentistas, e a dos nados nos primeiros anos do século vinte.
Aquila está constituída polo conxunto de productores espirituais
galegos, cuia laboura - en cada campo - supón unha superación
métodica, inmediata, da obra dos Precursores. Dita Xeración - (a
do segundo Renacemento) - representa un intre báseco no proceso
de restauración cultural de Galicia. E a súa obra - inque incom-
preta en varios aspeitos, e ausente noutro - é, nuns terceiros,
importantísima.

A xeración posterior está integrada por unha mocedade,



REAL ACADEMIA GALEGA

que, amamantada aos peitos de Europa, deu á nosa terra, graudas personalidades. O máis destacado d-ela é, sin dúbida, unha escola de lírica nova, da más limpa estirpe, na que hai mortos que honrar con eisequias de versos. Escola lírica que sobresae con un núcreo de poetas, merecente de presentar en calisquera aito de afirmación.

Concretamente, o que temos de sinalar eiquí, é o feito de que, duas xeracions galegas, frente a deserción ambiente, souperon e quixeron quedarse no país. En ambas - (nos seus melhores diputados) - descobrese unha fina calidade persoal. Calidade que lles ten donado, o seu contaito cotián con unha paisaxe, unhas costumes, uns sentimentos, propios da nosa terra.

Pra nos mergullar no siñificado que o grupo xeracional dos Novecentistas encarna, compre lér dúas obras, que nos amosan a súa propia confesión. Istas obras son, a novela "Arredor de sí", e o ensaio "Nós os inadaptados". Por ilas sabemos da inquedanza duns homes, que, logo de alporizados desnordes, voltan a súa ollada cara unha Galicia que denantes non atinaran descobrir. Por mor do seu típico individualismo, do seu egocentrismo, aquiles homes andiveran longo tempo, dando voltas arredor de sí - (e cada un arredor de sí mesmo) - sin se atopar enxamais de todo. Peleriñaron pol-as cosmogonías e pol-as culturas en demanda do insólito. Formados n-unha revolta autodidacia, gostaban de beber nas más varias fontes literarias: o simbolismo francés, os esteticistas ingreses, Nietzsche, Maeterlinck, Tagore, Euxenio de Castro, Rubén....

Asín se formaron culturalmente. E a súa cultura, adequirida de xeito tan orixinal, fixose propicia pra introvertidos, filosofía de habitadores de torres de almas. Os Novecentistas, denantes de se sentir "galegos", foron inadaitados, insatisfeitos do mundo sensíbel, nemigos da realidade cotián. Eran rebeldes, anque a súa rebeldía non supuña outra cousa que un afastamento, espiritual, da sociedade. Un se illar - (en orgullosa indiferencia) - dos seus afãns e inquedanzas. Individualistas, amantes do eisótico,



o mundo era pra illes, en xeral, cousa que había que aturar con unha postura de dandysmo.

Impulados por unha sede, enxamais satisfeita, pasearon, sin pausa, pol-as cosmogonías, polas metafísicas, pol-as estéticas. Cansos de dar voltas e reviravoltas pol-as lonxanías do espacío e do tempo, acadaron a sorprendente descoberta de que Galicia - oculta ao seu ollar por un mesto estrato de cultura allea, vulgar e filistea - amosáballes un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, coma o que andaban percurrindo nos máis eistranos horizontes.

Cando iste agrupamento xeracional, tivo aitopado a súa verdadeira misión, opaduse mil unha súpeta conversión. Denantes de divisar o mundo mental da galeguidade, os seus persoeiros más nidos, coidábanse ciños, considerábanse super-homes. Ben pensado, non servían pra ren. Poseían somentes, esprito. E iste esprito foi o que unha diada, lles revela a verdade galeguista, que os salvou do esquecemento. Deste xeito, puideron chegar á alma de Galicia, ceibes xa de todo prexuicio; independizados de calisquería consideración e respeito á cultura allea, que enmascaraba, desfiguraba e falseaba, o auténtico estilo da súa terra.

Coa apertura do limpo camiño, redescuberto polos continuadores, conqueriron alcontrar fértil saída ás suas aitividades, as xeraciões de despóis. Ista xeraciões, non embargantes, non ofrecen, ainda, unha obra sólida. Cralo está que o noso tempo era o menos axeitado pra que os mozos acadasen unha obra de rexencia personalidade. Unha obra que nos ceibase de aparecer, máis tarde, diante da historia, coma unha xeira de transición. Sabido é que a crise do noso tempo, é a crise fundamental de todo un sistema de civilización. E todo somella indicar que estamos no cimeiro dun longo proceso liquidatorio. As novas xeraciões literarias galegas - ainda enraizadas na modalidade do noso ser diferenciado - se non puideron furtar ao fenómeno común. Diante dos novos feitos e ideas novas - que porparan unha nova idade - téñense sentido desorientadas. Emporiso adoitaron, en gran parte, unha posición esteticida e retraída. Elo eisprica,



cecais, que, por riba de todolos diversos xéneros literarios, teña sido a poesia lirica, a que con meirande pulo frolecese. Pol-o mais, si a xeraciòn precedente, engadiu calidades e matices à nosa prosa, tamén a que à sucedeu - estilisticamente - ten importancia anovadora. Pero compre decir que os nosos escritores mozos, as vegadas por falla d'unha imperiosa vocaciòn que os mantivese na preferencia dun xénero determinado; outras, polas dificultades que as condicions da nosa vida literaria imponen à ceibe aitividade do escritor, se non teñen especializado en ningún xénero. O conto, a novela, o ensaio, foron cultivados simultaneamente, polos escritores novos.

A nosa terra conta, pois, no seu haber, coa obra positiva de dúas xeraciòns que a éla adicaron o millor das súas inquedanzas. Algùns dos seus militantes son, verdadeiramente, esgrevios. Outros é certo que agatuñaron o seu nome, más que por un propio valimento estraordinario, ao acougo da probeza intelectual ambiente. Pero, en calisquera caso, a realidade à que Galicia ten vereificado un progreso espiritual indudabel, gracias ao esforzo de muitos dos seus intelectuales reperentativos.

Concretamente, temos de partir do punto de que a literatura galega conta con antecedentes vitaes, que aos contemporáneos deben de nos servir de exemplario. O anceio que nos aza é o de que os nosos poemas, os nosos libros de filosofia, ou de cencia literaria, traspasen a área limitada de Galicia. Que aos demás países lles seña necesario coñecer as nosas revelacions, e na nosa propia lingua.

A verdade é. por outra banda, que temos incorporado ao acervo hespañol, figuras señeras, regalàndolle finos espiritos. Pero istes homes, que escoitaron a "invitaciòn ao viaxe", ao labrar a súa obra en idioma familiar, más eistrano, perderon o millor da súa racialidade. Emporiso nos intresan, prà nosa eiséxese, aquiles escritores que souperon quedarse en Galicia, adicàndolle todo o esforzo da súa más limpa e xúrdia aitividade.



COMPERE: I-aquí termina o traballo titulado "Dúas Xeraciōns ao Servicio de Galicia", do que é autor Salvador Lorenzana.

Escoiten agora a balada de Baldomir "Meus Amores" interpretada por Conchita Superviña:-

RECORD: Odeon (121.152) XX S.4907 "Meus Amores".
Duration 2'52"

COMPERE: En 1933, publicouse en Santiago de Compostela o libro de José Creciente Vega que leva por título "Codeseira", Diste libro van a ouvir o poema "A Forza Segreda".

RECORD: DBU.20553., 25.9.48., duration 2'50"
"A Forza Segreda", poem by José Creciente Vega from his book "Codeseira", printed by the Seminario Conciliar, Santiago de Compostela, 1933.
Text as follows:-

Mirade, meus amigos,
mirade como veño!
Esmagado e molido,
suando a règo, a règo;
os pés ensanguinados
de trispar tanto seixo;
o vestido resgado,
e as pèrniñas tremendo,
e rasguñado o coiro
e de chagas cuberto...

¿De onde veño, decides?
- Lá de lèxos, moi lèxos...

Deixa-de-me ir, amigos,
que inda aquí non me quedo.

¿Pra onde vòu, preguntades?
- Lá pra lèxos, moi lèxos...

Deixa-de-me ir, amigos,
entrambentras folguexo, com os dous deméntes
que inda teño deméntes
de chegar a onde quero. (parte do libro "Codeseira", 1933.)
Que inda teño algúns acios
para andar.

Que inda teño
unhas gotas de sangue
rebulindo e fervendo.
E unha risa na alma,
E unha espranza no peito.
E unha luz diante os óllos
que me alumia o sendeiro.
E unha forza segreda
que me dá moito alento.



Deixáde-me ir, amigos,
que nada me pón medo.
Nin as noites escuras.
Nin os camiños ermos.
Nin os cás adoecidos.
Nin os lobos faméntos.
Nin a Santa Estadea.
¡Nin o dêmo do inférno!

Deixáde-me ir pra diante.
Seguir camiño quero,
Se canso, hai un valado
pra me servir de leito.
Se chove, hai un abrigo.
E se me mollo ¡é o mèsmo!
Si no-atépo compæña,
lèvo a dos meus segredos.

Si no-hai auga nas fontes,
hai frescura no vènto.
Si no-hai lume nas casas
¡hai estrelas no céo!

Quero seguir camiño.
¡Ou morro, ou alá chego!
Si chego, un trunfo más.
Si morro, un home menos.

Pro inda teño dementes
de pasar, tarde ou cedo,
pra alá de Montemôr,
pra alá... moito más lèxos.

- Dixo, e mirou pra o céo.
E surru, e rezou.

-Deixái-no, qm'e vai tolo -
a xente marmulou.
E aquí cai, e alí se ergue,
camiño adiante foi.

Ninguén dél se labraba.
Algún tempo despóis
atoparon un mòrto
lá riba en Montemôr,
xa comèsto das aves
e co-a ðsamia o sol.

Hoxe unha cruz de pau
no sitio onde ficou
amostra òs camiñantes
que pasan Montemôr
o leito derradeiro
do tolo de Ribons.

Bendita cruz xa vella
que, o vento, à auga, o sol,
non apodrèce nunca
¡por non querel-o Diós!

COMPERE: A nosa trasmisiòn terminou. Dende Londres, desexamos a todos os nosos ouvintes, Boas Noites.

RECORD: Columbia (A.1493) WK.1397., "Muiñeira de Cartelle".
Duration 0'25"



REAL ACADEMIA GALEGA

185

SPANISH PROGRAMME
Monday night, 1st May 1950
21.15 - 22.00 BST

GALICIAN PROGRAMME No. 30

Presented by Javier Fernández.
(Original broadcast)

DISC: PARI.F. 3326. Sig. tune. "Cock O' The North". 5" and fade behind.

COMPÈRE: "Emisora de Londres da BBC. Damos comenzo á nosa trasmisión en língua galega".

DISC: PARI.F. 3326. Up and out. 15" total duration.

COMPÈRE: Anxel Fole escribiu pro noso Programa a seguinte lembranza de Xesús Corredoira...

DISC: DBU 48285, 26.4.50, 9'22". Talk: "Lembranza de Xesús Corredoira" by Angel Fole. Read by Javier Fernández, as follows:

Quero falar de Xesús Corredoira, o máis interesante pintor galego de todolos tempos.

Quen isto escribe tivo a sorte de coñecer á sua familia, especialmente á sua nai; e a de vivir na sua finca do Carril dos Loureiros, en Lugo, cásque dous lustros, na sua adolescencia e primeira mocedad.

Nacéu Xesús Corredoira en Lugo, o ano 1891, e viviu n-ista cidade, até ben entrados seus anos mozos, na casa do Carril dos Loureiros. A familia era oriunda de Friol, onde pasaba o pintor algunhas tempadas. Estaba composta pol-o pai Don Xesús Rodríguez; a nai, Doña Agustina; a irmá, Gloria; e unha tia chamada Concha, que viviu sempre co-iles.

Era Lugo, entón, unha cidade de vida estantía, de ar decimonónico, con antergas, románticas perspectivas. Facíase o mercado na Praza Maior, con longos soportás pr'os días de choiva, ou de sol alapeante. Si era inverno, enchiase a praza de labregos con grandes chapeus e mouras, dándolle á Lugo, certa somellanza de cidade castelá.

E agora, lembremos a finca do Carril dos Loureiros, onde viviu o pintor os primeiros anos da sua vida. Era entón o Carril dos Loureiros bairro arredío, entre urbán e campesiño, a somellanza dos outros bairros dos arrabaldos lugueses: a Charca, o Regueiro dos Hortos, a Piringalla, etc. Estaba formado por hortos, de outas paredes lañadas, cheas de hebras, por ondes amosaban os loureiros iraños que lle daban o poético nome. Era unha corredoira, unha rúa, por onde se vián pacel-as vacas.



1. DISC: Pois ben, a finca do pintor era unha das más belidas d'aquell bairro. Toda illa estaba chea de roseiras que arrecendaban fortemente. A sua tía Concha cuidaba d'ellas, erguéndose d'inverno e vrán, ás primeiras horas do abrente. Había rosas, caraveles, gladiolos, peonias, dalias... E sobor do sorriso das froles, a lentura da soma latexante dos outos albres, xa pol-o mes de San Xohán, cheos de vermellos e dourados froitos. Penduraba o mel dos figos regalados, e ouvíense os rechouchnios dos oreoicos fartos d'ill. Nas seráns de vrán, gozantábase ali, unha paz fonda e lediciosa.

Cando eu vivín no Carril dos Loureiros, xa o nome lo pintor tiña muita sona. Unha das casas da finca estaba chea de cuadros d'ill, muitos dos cales eran de temas lugueses: "O Santeiro", "A fana de Lugo", "San Froilán", etc. Por certo que serviu de modelo para iste, o poeta Luís Pimentel cando era ainda un rapaciño. Había tamén os belidos retratos do pai, da nai e da irmá; e as "Sonatas", "Retabro das noivas", etc. Ali estaban cregos, santeiros, fidalgos, rapaciños con paxáros nas manás, ponceas de páledas fazulas; escuros interiores con esguías figuras, con frías luces de vagalume, onde a morte marmuriata o seu segredo. Sentíanse tremer as luces da Santa Compañía, abaladas pol-o vento do alén. Dixérase, ollando aquiles caños, que o pincel de Corredoira pintaba o silencio. Era unha Galicia anterga, misteriosa, de lenda, mui somellante á Galicia das "Sonatas" e das "Comedias Bárbaras" de Valle-Inclán; envolveita nunha lus cáse que irreal, c'un saudoso arreendo de tempos idos, de musical feitizo.

Pro sigamos co pintor. Pensicado pol-a Diputación Provincial foi a Madrid, recollendo os insinios dos mestres Cecilio Plá e Sorolla. Díste derradeiro pintor, somentes no cadro "Pescadores do Miño", de grandes dimensións, avaliase unha liveira infuenza.

Por aquiles tempos, viña a pasar las vacaciós a Lugo. Foi a época da sua vida bohemia. Uns anos despois, casábase o pintor Casabu na aldea, e a escea da sua boda, foi perpetuada nun lenzo que se conservaba na sua casa, precisamente colocado o carón d'outro, nomeado "Retabro das noivas". Xu casado, feise a vivir a Roxos, perto de Santiago, cara á belida e souril paisaxe da Mahía. Dende ali, viña cáseque todoi-os anos a Lugo, pol-as festas do Corpus, e visitar á sua nai.

Foi ista, cecás, a época máis fecunda do artista, ficando na sua obra, fondas amosegas do incomparábel ambiente compostelán, como no seu cadro "Seminaristas de Santiago". Xa tiña exposto en París, Bôs Aires, Nova York. Os Museos de Luxemburgo; de París, e o Centro Galego da Habana, tiñan mercado lenzos seus; tamén recibía encárregos de retratos pra Madrid, Barcelona, Bilbao, etc.

A derradeira vegada que vin o pintor, foi en Lugo, no ano 1931, unha tempada despois de lle morrer a nai. Quería pintar un cartel pra un romance de cegos, e que fose levado pol-as faires por un cego que tocuse a zanfona. Era il así, sempre fantástico e falangueiro.

Morreu Corredoira en Roxos, no 1939. Cando estaba pintando San Francisco, por encárrego dos frades de Compostela, dálui un repente que leixó cego, morrendo cristianamente unhas horas despois. O cadávre foi enterrado en Lugo.



DISC: Non é doada tarefa xulgar o arte de Corredoira, a pesares da nutrida bibliografía que encol d'il existe, pol-a grande desigualdade da sua obra, sometida a certas influencias, mais ou menos duradeiras. Aparte da lixeirísima de Romero de Torres, na primeira época, compre sinalar, como más fondas e constantes, a dos pintores primitivos, e a do Greco, cinguíndonos somentes ás puramente pictóricas. Non hai n'il, infrixos de pintores galegos, pol-a sinxela razón de que até Corredoira, se non pode falar d'unha pintura galega propriamente dita. A meirande influencia extra-pictórica no seu arte é, dende logo, a da obra de Valle-Inclán, deica o punto de que algúns dos seus cadros son como un eco práctico d'aquila.

Corredoira non cultivou a paisaxe, o encontro, nin as naturezas mortas. Tampouco foi amigo de acudir ós certames oficiais, onde únicamente acadou unha segunda medalla.

"A pintura de Corredoira", dixo xustamente un crítico, "é más expresiva e literaria que sensual e pictórica". Poderíamos engadir que é a más crara amosa da pintura chamada "suxerente"; e, ó mesmo tempo, de pintura "ben feita", de firme técnica, de esgrevio estilo, cecáis como a de ningún pintor galego, deixa istes intres. Il foi quen centró, con Castelao, o arte da nosa terra no gran tema galego, abrindo camiño á galeguización da nosa pintura. N-iste senso, pódese considerar a Corredoira, como o precursor da pintura galega actual, que conta con tan interesantes artistas como Souto, Seoane, Colmeiro, Maside, Laxeiro, etc.; ainda que ista nova pintura galega teña encetado outra rota, precisamente a da "pintura sensual e pictórica", de acordo c'as correntes do arte europeo da tras-guerra; pro dentro sempre d'unha esencia de galeguidade, filla da sua terra, co ise "hic et nunc" inexcusabre de todo arte verdadeiro.

Nunca expuxera Corredoira na sua cidade nativa. No mes de Santiago de 1947, tivo lugar en Lugo a primeira Exposición Colectiva de pintores lugueses, organizada polo Círculo das Artes. Figuraban n-ila, dazanove obras do chorado pintor, que permitiron ó público lugués, decatarse do gran valor do seu arte. Milhares de persoas pasaron diante dos seus cadros, rendindo sinxela homaxe de admiración á sua memoria.

En canto á min, a lembranza de Corredoira ten sempre un fondo soño, n'aquil relanzo de paz do Carril dos Loureiros.

COMPÈRE: Eiquí terminou o traballo de Anxel Fole tidoado "Lembranza de Xesús Corredoira".

Escoiten agora unha crítica de Salvador Lorenzana sobre a poesía de Manuel Antonio...

DISC: DBU 48342, 28.4.50. 7'40". "Un Poeta do Mar" by Salvador Lorenzana. Read by Plácido Castro. Text as follows:

Nas páxinas semiesquecidas de vellas revistas, temos descuberto dez fermosos poemas d'un gran poeta galego; o poeta Manuel Antonio González. Istos versos, publicados no 1920 e no 1921, corresponden á primeira época da produción lírica do poeta. Temos lido, con emocionado lecer, os poemas, onde se nos anosa



1. DISC: unha lene visión do serán; onde se nos contan belidas cantadas aldeás. Alenta n-iles a soedade inviolada, a friaxe cadavérica das primeiras estrelas, o vento tolo, a chuvia sedosa, a siloita da montaña estranguada...

Istas graciosas composicións de terra adrento, anuncian xa a rexia persoalidade poética do gran lírico de "De Catro a catro". Non embargantes, non existe eiquí ningunha alusión ó mar, tema tiña de constituir o cerne do famoso libro sutidoado "Follas d'un diario d'abordo".

Manuel Antonio foi o vixía máis adiantado da nosa lírica. Nacéu en Rianxo no 1900; e morreu mozo, cando apenas contaba trinta anos. A sua mocedad era íntegra; mocedad de mente e de curazón.

No campo poético foi, tamén, a sua integridade, exemplar. Non xugou endexamáis ós beneficios d'un brilo de oropel, sinón a se rotundizar, a se escravizar á poesía.

Dende o célebre manifesto "¡Máis alá!", que con Alvaro Cebreiro firmou en xunio do 1922, non tiña de variar as suas ideas iniciás. A procura estaba dirixida á mocedad intelectual de Galicia. Nos seus enunciados describiase a literatura como algo ceibe, sin ataduras á saudade do pasado. Na forma e no fondo, aquil manifesto era un chamamento á vitalidade aberta das xuventudes galegas, contra da rapacidade acartonada do histórico.

"Os vellos non son os que escribiron fai muitos anos (aqueles foron os Precursores): Os vellos son os que escriben hoxe como si vivirán no antronte dos séculos". "Renegamos de toda imitanza. A dos vellos, no nome da Vida; a dos novos, no nome da Novedade".

O poeta practicou co exemplo as ideas que preconizaba. Criou unha lírica inédita no panorama da nosa lírica. Amósanos, n-ila, o xeito de levar a persoa ós cómicos da poesía pura. Os seus versos son versos libres, desfeitos, pra deixar a imaxe en plena libertade. O linguaxe, amoroso, paixoal, aceso, ten, ás veces, os seus hermetismos. Pero o xogo de Manuel Antonio non é endexamáis un xogo verbal; é algo misterioso, en clave, que loita por lle sair a fror de pel, pra amalo todo con rotunda e humá novedade.

O autor "De Catro a catro" é, por antonomasia, o noso poeta do mar. Deixa os estudos da carreira de Letras, pra se adicar á sua fonda vocación de piloto, de mariñeiro. O mar adrento é, pra o poeta, unha illa de auga arrodeada de ceo por todas as bandas. Un día calisquera bota ás augas, no peirao de Rianxo, a sua dorna lírica. Co ilo vai sulcando camiños, nunca denantes sulcados, d'un extraño mar. N-iste mar extraño aboian os corpos de nautas afogados; as estrelas dialogan cos mastros; levan as gueivotas no peteiro, as cartas dos mariñeiros namorados.

A infinda seara salgada é un enorme manantío de sensacións. Os barcos de vela marcan n-ila o sinal dos seus ronseles. Son istes barcos a gran paixón do poeta. O veleiro e o pailebot son pra o mariñeiro-poeta, semáforos de sushestiós, sushestiós inzadas pol-a cobiza de beleza no esteso azur, poboado de alusións e de imaxes esotéricas.



- 5 -

DISC: Venador de horizontes, Manuel Antonio percorre a inmensa rota líquida, na que o camiñante non deja, endexamáis, roncel. Demea o teinicismo lingüístico do navegante, que lle sirve pra descubrir (en metáforas admirabres) relaciós estéticas na sua paisaxe adoito. Ama i-exalta ós protagonistas do panorama mareairo; entusásmase cos seus pequenos mundos inmensos: os barcos. O poeta emprega a rede do verso máis ceibe, e mergúllaa n-ise mar, co-unha seguridade de pescador acostumado; recolle unha colleita lírica frorida, e ofrécenolas co un xesto sinxelo de prenitude artística.

Un poeta autual evocou, xugosamente, a figura do poeta prematuramente morto, n-unha belida elexía:

"Por un mar verde de oucas
levara o seu barco o toas.
Ai, noso amigo!
Nun mar de oucas verdegado
boiara a toas o barco.
Ai, noso amigo,
capitán de outo navío."

Na nosa poesía primitiva, o mar só existe como accidente e punto de indicación, non por sí mesmo. É a partir do romanticismo, cando o mar deixa de ser elemento acesorio, pra se trocar en tema principalísimo, porque o poeta sínteo confundido cos seus propios sentimientos. O mar comeza a falar, perde a sua longa mudez.

Non é que os primitivos non sintíran o mar; pro o seu senso do literario non era ainda abondo consciente pra arrastar á sua obra novos elementos alleos ó seu senso amoroso, que domeaba principalmente n-iles. Cando un xograr como Mendiño asocia, por primeira vez, unha anécdota amorosa ó movimento misterioso do mar, prodúcese isa primeira maravilla poética que leva o nº 548 no Cancioeiro da Vaticana:

"E caéronme as ondas do alto mar
no hei hi barqueiro, non sei remar.

Non hei hi barqueiro non remador
morrerei fremosa no mar maior".

Os primeiros sons belos que o mar ten arrincado á un poeta español, atópanse en Rosalía de Castro. Nas suas imaxes de azas húmidas está xa todo o sentimento moderno da poesía nosa. Pero é, sin dúbida, Manuel Antonio, quen nos doa unha visión enteira, plea, da paisaxe marea. O poeta vive e matina, ó mesmo tempo, a paisaxe do mar. Iso, vivilo e pensálo ó mesmo tempo, pra detélo no cerebro, e desplazálo logo, diante dos seus ollos, como un clisé surrealista.

O autor de "De Catro a Catro", mixtura a sua sede, o seu panteísmo mariño, con unha espiritualidade materialista. Capta as esencias fondas da chaira salgada, e devóltenolas trocadas en metafóricas, fertis imaxes."

COMPERE: Ouviron un traballo de Salvador Lorenzana sobre da

Poesía de Manuel Antonio



REAL ACADEMIA GALEGA

- 6 -

1. COMPERE: O noso programa terminou.
 (cont) Dende Londres, desexamos a todos os nosos ouvintes,
 Boas Noites.
2. DISC: COL.A. 1492. "Muiñeira de Cartelle". 1140".



207

SPANISH PROGRAMME
Monday night, October 2nd, 1950.
21.15 - 22.00 BST.

GALICIAN PROGRAMME No. 34

Presented by Javier Fernández.

(original broadcast)

PARL. F. 3326. Sig. Tune "Cock of the North" 10" and fade behind...

COMPERE: Emisora de Londres da BBC. Damos comenzo á nosa trasmisión en língua galega.

DISC: PARL. F.3326. Disc up and out. Total duration 15".

COMPERE: Vamos a radiar un traballo de "Salvador Lorenzana" que leva por título "Tres símbolos do XIX galego".

DISC: (D BU. 55931., 28.9.50. 9' 50".) "Three symbols of the XIX Century in Galicia" by "Salvador Lorenzana", pseudonym of Francisco Fernández del Riego. Read by Javier Fernández. Text as follows:

"Imos a lembrar á tres figuras reperentativas do renascer cultural da nosa terra. Istan tres figuras viven e traballan nun tempo, en que Galicia ten caséque perdido as raigañas da sua fisonomía diferenciada. Catro longos séculos de abandono e de esquecemento, crebáran a roita do seu discurrir histórico. Vencida a época meieval, - auténtica edade de ouro das nosas letras - sobrevén o decrinio. As prerrogativas dos Centros composteláns escomenzan a se cicatear, como asimesmo, as da Basílica. Os nobres sinten vergoña de pertescer ao seu propio pobo, i-emigran á Corte. A nosa persoalidade cae no iudibro. A obra dos Cancioeiros xa é descoñecida: nin un soio dos escritores casteláns á nomea. Lope de Vega - protexido e segredario dun galego, o Conde de



REAL ACADEMIA GALEGA

1. DISC (contd) : Lemos- empana o seu puidente inxenio, maltrat^{andonos} n-unha comedia zafia e inxusta. Cervantes - galego pol-os seus dous apellidos e pol-as xeniaes manifestaciōns do seu humor, néganos pradicamento pra entender nas artes, e dí que Galicia é terra irta pra producir poetas. Unha soma mesta de incomprensión envolve o noso espirito, e cega os seus recursos restauradores. Somentes, de vegada en vegada, esbòzase algūn alento illado, teimando furar as trebas. E todo así...

Chega, non embargantes, un intre en que o silencio se creba. É ao xurdir o derradeiro/da tempada romántica.

Albiscanse daquela, os primeiros lóstregos d-unha nova correntada criadora. A boa nova espallase con celeridade de onda pol-as mentes anguares. Camiñase cara atrás, en percura dos ronseles perdidos. Catanse nos infollos, as eis celencias do noso vello romance. Escádanse as montanas na busca das suas vivas modalidás, que o pobo gardou celosamente.

N-iste ambiente, siñificado pol-a comezón estudosa, miudosa e acudiadora, móvense as vocacións de tres persoalidades, que contribuyen de xeito singular, ao rexurdimento da nosa cultura. Son istas tres persoalidades, as tres figuras á que nun principio, aludimos. Eiquí, na loxanía do noso recuncho atranteo, ancemos evocálas. Pra-ilo, nun intre propicio, matinamos en Galicia. Galicia é o corazón e o norde que impula as suas vocacións. Teimamos, por iso, esculcar o ritmo d-ise corazón. Arelamos, tamén, comprender o estilo vital i-espranzador dos seus latexos. Ao traveso da singularidade d-istas tres figuras, percurramos intuir o senso esencial do "galego".



DISC (contd) :: O primeiro d-istes persoaxes é un poeta, vibradoiro de fe, escocido de alentos proféticos. En vida, o poeta chamouse Eduardo Pondal Abente. O seu acento descóbrese con resoares descoñecidos, con vislume de antigüedades paleontolóxicas. No meio do bagulleo romántico, a sua voz ecóna nas gándras como unha trompa de bronce. Sustituíe no noso romantismo a lagúa e o sauce, polos pinos e a mar. Un pudente sopro vital abanea as suas estrofas coma o vento nos boscos. O pulmón étnico énchese de ares novos que aventan a sua anemia. Pensamos nas duas grandes virtudes do bardo de Ponteceso: a sua capacidade de eisaltamento do pretérito inmorredoiro, e o seu albiscar espranzador do porvir. D-eiquí que seña perciso sentirse galego, e sentir o mandado da nosa eternidade histórica, pra poder interpretar a força dos versos pondalianos. I-é que Pondal leixa ceibe a voce misteriosa que falaba por il, porque herdou as verbas de onte, cando as verbas foron unxidas polos primeiros pasmos da raza. O poeta, non sabendo do presente, sabe do senso inmorredoiro do pasado, e sabe do que ten de vir despóis de pasarmos nos. Foi, asín, poeta pra Galicia e pra todo o pobo galego, cantor da fé e da profecía.

A segunda das figuras en quen pensamos, é outro poeta. Vive iste poeta dende 1837 a 1885. Foi o seu nome, Rosalía Castro. Xa estamos evocando a eispresiva esencia d-aquiles versos, vestidos de eufónica sinxeleza, que criou o artista. Rosalía recolle no espello cóncavo do seu corazón, toda a beleza do chán e da ialma do seu país. O seu mestre en discipriñas humás, é a dor. A dôr da sua vida, e a dôr da sua raza. Obxetiva Rosalia o seu espírito coa terra galega. A sua ialma entretécese, fúndese, coa ialma de Galicia. Olla o mundo que a-arrodea, e sínteo - na sua



1. DISC (contd) : totalidade - cheo de presencias espirituas. Iste mundo xurde, ateigado da propia paixón da poetisa, ou zugando a sua ialma criadora na sua beleza, na sua desesperanza, na sua malancunia. A paisaxe revive con aletexos de variado simbolismo. É o froito da longa compenetración do poeta d-unha raza sensitiva, co seu ambiente xeográfico. Emporiso, Rosalía, estremecida de amor, pensa a tono co-ll, averquendo as suas reás esencias no vaso cristaño dos versos. Sempre na paisaxe interna rosalián escorre o río da dôr. Os poemas fechan coa dôr do poeta, o anaco de universo que arrodea. Chega un intre no que o adeus fruie, en ondas melancónicas, seiturando os ares de Galicia: é cando a tristura ocupa o lugar das surrisas e das ledicias do pasado.

O derradeiro dos persoaxes que pantasma pol-a nosa maxinación, é un historiador. O historiador, naturalmente Manuel Murguía. Non saberíamos decir si pensamos en Murguía, ou no seu mañífico acento de Precursor. Sí, sabemos que, en entramas cousas, condénsase un valioso aporte ao redescubrimiento da ialma da nosa terra. Cando o inquedo investigador escomenza a súa xeira de restevador de arquivos, o pulo racial estaba perdido, pol-a desercción espiritual das xentes. Murguía aventa o pô da nosa vida anterga, esquecida o acaloñada. Por embaxo dos líquens da persoalidade soterrada do pobo, conquire chegar ás veas da continuidade histórica de Galicia. Non importa si compreta ou incomprentamente. O caso é que, sin o seu esforzo de restevador, sin o seu propósito de soerguer a cultura propia, muitas cousas houberan ficado definitivamente perdidas. Aparte da sua laboura de erudito, de investigador, a sua tarefa polimórfica vai toda ela enroitada a un porvir de inmediatas realidades políticas. A sua ideoloxía, o seu pensamento, navegan a cotío co instinto criador da concencia galega.



- 5 -

DISC (contd) : Co istos tres nomes símbolos - Pondal, Rosalía, Murguía, - que son sendas realidades, ¿poderíase intuir a esencia do galego? Atinguirá a sua ollada e a sua obra, a visión da Galicia de astor? Se non crebará a sua aguzada sensibilidade romántica, diante da dramática forza que hoxe teñen os homes e as cousas? Coidamos que non. Pola contra, entendemos que o seu sonho pode facerse realidade: a aspiración, sucedido, pero compre que, a tenor da observación e da sensibilidade de hoxe, se estude o valimento que a obra distas tres figuras falsas ten no estilo de recobramento espiritual de Galicia. Independentemente do senso puramente literario Pondal, Rosalía e Murguía, acrecentan na sua produción, un ideario cultural de pudente alcance. Iste ideario debe ser estroiturado nunha fidel versión, e dado a coñocer ás axentes, coma proba intrabucada do esforzo de continuidade que perseguimos, a favor da cultura autóctona, e dunha igual diñidade espiritual".

COMPÈRE : Acabamos de trasmitir un traballo de 'Salvador Lorenzana' titulado "Tres Símbolos do XIX Galego"

Escoiten agora a canzón 'Maruxiña, xentil Maruxiña'.

DISC : DBU. 37283, 20.9.49. 1' 42". 'Maruxiña'. Words by Eduardo Pondal, Music by Pilita Castillo.

COMPÈRE : O noso Programa terminou. Dende Londres, desexamos a todos os nosos ouvintes 'Boas Noites'.

DISC : COLUMBIA A. 6181. (W.K. 1416). 'Alalá de Bande'. Dur. 30"



REAL ACADEMIA GALEGA

MAS

Spanish Programme
 Monday night, 26th January 1953.
 20.00 - 20.45 GMT

GALICIAN PROGRAMME, No. 54.

Presented by Javier Fernández

(Original broadcast)

GRAMS : PARLO. F. 3326 Sig. Tune. Cock of the North.
 Five seconds and fade behind...

COMPERE (live) : Emisora de Londres da BBC. Damos comenzo á
 nosa trasmisión en lingua galega.

GRAMS : PARLO. F. 3326. Disc up and out. Total dur.: 15".

COMPERE : Ista noite, vamos a radiar dous traballos: un de
 Salvador Lorenzana encol de Castelao, i-outro de
 Plácido Castro sobor dos recentes libros galegos.

Escoiten primeiro a evocación de Castelao
 escrita por Salvador Lorenzana. Dí así:

GRAMS : DBU. 97554. 21-1-53. Duration: 7'20".
 "In memory of Castelao", by Salvador Lorenzana, pen-name
 of Francisco Fernández del Riego. Read by Javier
 Fernández. Text as follows :-

"Fai agora tres anos que finou en Bôs Aires, soñando
 porvires, Alfonso Rodríguez Castelao. Houbéramos querido,
 pra ô poder evocar nista data, escandir en versos esgrevios
 e longos a nosa pena individual, e a dôr de Galicia toda.

Fai agora tres anos que se foi o vello amigo, o gran guieiro
 da galeguidade; mais o noso corazón dinos que non se ten
 ido, que está ahí alumándonos o camiño, siñando os
 horizontes do



• REAL ACADEMIA GALEGA

I. DISC (Continued).

Castelao anunciou con lapis e pluma, con verba crara tamén, a aurora cultural do país galego. Figurára, con perfil senlleiro, naquela fidalga pléiade de Otero Pedrayo, Cabanillas, Villar Ponte, Risco, Lousada Diéguez, naquel agrupamento macizo que tiña recollido dos Precursores e dos seus epígonos, a obra de anovamento que se esparexéu polo mapa espiritual da Galicia de comenzaos de século.

A persoalidade de Castelao era rexia e orixinalísima. Crásica e sinxela, a sobriedade verbal, lonxe de ocos retorcimentos retóricos, fora a carauterística do seu xeito. Cecáis, e sin cecáis, Castelao convertírase no millor caricaturista do seu tempo; e o seu arte estivo sempre ó servicio do país nativo. A pasmosa laboura do grande artista ganhoule estesa popularidade; tan estesa como ninguén a tivera antre nós, agás Rosalía. Cos seus libros de dibuxos compuxo un documento válido, sin parello, pra o porvir. Ises libros teñen hoxe e terán sempre, unha calidade e unha dimensión importantísimas.

No conto, na novela, no ensaio político, na conferencia, na crítica de arte, no teatro, o gran dibuxante acreta asimesmo unha fina intelixencia, unha forte sensibilidade. Sabe o que val e deixa onde chega cada verbo que emprega, cada idea que manexa; e por iso, escribe e dibuxa con riqueza, concisión e forza. O seu estilo énchese de seu, con soio deixar sucedérese os conceitos, verquidos a un dos vasos verbás máis nidiños, nobres e resoantes que teñamos coñecido. O idioma de Castelao alfaiou a nosa literatura como non é doadó que poida algúna ninguén,



- 3 -

DISC (Continued):

O nome do autor de "Nós", nun intre decisivo da nosa cultura, destaca nela e insuflalle unha riada anovadora. A produccón artístico-literaria do ilustre mestre quedará, asín, coma un dos más ardentes e orixináis ronseles da literatura dos nosos días. Cada unha das súas obras alévanos, coa sua sinxela presencia, a mesma emoción aneaiante: ollámolas insertárese de seu no áureo anaquel da historia galega diste tempo.

Pero en Castelao, tanto como a obra val a conducta, a sua fonda honradez, o seu tremendo valor humán, a limpa e insobornabre adicación a Galicia. O seu amor ten sido, en todal-as etapas da sua vida, esaltado pol-o temperamento lírico, pol-o humorismo, e pol-o vasallaxe fiel que rendiu de cote á realidade que o arrodeaba. A sua mesma prosa irisada, onde a metáfora aíumea coma un lóstrego, sírvelle pra anunciar sintéticamente, os problemas e o fondo drama do seu país.

Por outra banda, Castelao deulle ó galeguismo un sensc universal. Viao esprexerse n perspeitivas lontanísimas de tempo i-espacio. Viao encher o Atlántico e a Era futura. Tivo esa fé intrépida que fai vivir, todo en Julie, as verdades de mañá. A Galicia do porvir vivia xa ro seu miolo. A primeira direitrix da sua natureza foi a fé..

Podía, ademáis, xenerar ista fé nos outros, por inducción. A tal aito, poderíase lle chamar a elocuencia de Castelao. Houbéraa tido, inda que non tivese fala, inda que non soupese escribir nin dibuxar... Era un sobreabondo de ideal que tiña que surtir pra fora dil, en fluencia natural. Endería galeguizar ós galegos cataléticamente.



REAL ACADEMIA GALEGA

1. DISC : Todolos días do seu vivir estiveron entregados a
 (cont.) unha labor incansable, tenace, impousado, en liña sin
 crebaluras, reita, cara ó ideal. A súa vida toda
 mantívose abaneada por unha fonda solicitude; o
 desintresado empeño de recoller i-espallar a auténtica
 verdade de Galicia, ten criado perentoriamente,- nunha
 alternancia pendular de aitividades do espírito - a más
 ricaz e xenerosa tarefa galega dista época. Do seu lapis,
 saiu o análisis máis caletrante da realidade do noso
 país nos derradeiros tempos. Espeitáculo iste, dunha
 vida íntegra - como moi excepcionalmente se dá -, e que
 nos subxuga con parenético intrés. As roitas más
 diversas do espírito teñen sido percorridas con emoción
 e brío, por ise grande home. Cabo da senxeleza do
 seu estilo, érguese a dureza de pedra das suas conviccións.
 Tras si, deixó un lostregueo longo, inesquecente, na
 historia da nosa patria. Regalounos unha crara noción
 de Galicia feita cerne de realidade. Porque nós, hasta
 fil, inda non tiñamos ollado cos nosos ollos, nin sentido
 coa nosa pel, a visión real e o taito quemante da terra
 galega.

Castelao comungou, na obra e na conducta, co sangue
 da Terra. O sangue de Galicia transfundiuse nas veas do
 seu gran artista, e no miolo locidamente visionario de
 Castelao. Sentímolo asín - exemplo vivo - como vixía
 insomne do seu tempo, iñetrainabre e dramíticamente
 preocupado polos problemas de Galicia. Il foi quen levou
 os homes da sua xeneración e os das seguintes, cara ós



- 5 -

DISC (cont.) : -

vieiros de fidelidade ... á raíz nativa. Toda a ánima - vagamunda i - esuberante - do artista, do literato, edequire en nós, categoría de símbolo. Castelao-Home Castelao-Patriota, Castelao-Creador espiritual, son xa pra sempre, nordes que imantarán a marcha de cantos traballan no servicio de Galicia.

Fai agora tres anos que finou o mestre, soñando porvires. Pero a sua voz e o seu exemplo viven na concencia alerta da terra que tanto amou."

COMPERE (live) : -

Eiquí termina a evocación de Castelao escrita por Salvador Lorenzana.

Estación de Londres da BBC. Escoiten agora a Plácido Castro que vai a falar dos libros galegos, recentemente publicados. Plácido Castro :

GRAMS : DBU. 97280., 24.1.53., 5' 30".

"Galician Books". Written and read by Plácido Castro. text as follows: - "Entre as publicacions galegas - ou que con temas galegos se relacionan - que teñen saído do prelo no decurso dos últimos meses, figura un considerable número de monografias referentes á prehistoria, arqueoloxía e historia da nosa terra, e que os límites do tempo non nos permiten mencionar individualmente. No mesmo campo da investigación, Xesús Ferro Couselo, no seu volume "Los Petroglifos de Término y las Insculturas Rupestres en Galicia", fai unha documentada aportación ao estudio d'estes vestixios do noso pasado, e senta unha



1. DISC (cont.): -

tésis de moita novedade ao consideralos. na sua maior parte, como sinais de término. Alguns aspeitos do noso folklore son tamén estimados d-un xeito novo, no libro de Ramón Touceda Fontenla, "La Fiesta de Moros y cristianos en la Sainza, en la Provincia de Orense", onde o autor recolle e comenta referencias e datos, para establecer unha analoxía entre algúns costumes do noso pobo e manifestacións parellas nos pobos árabes.

A conmemoración do centenario de Doña Emilia Pardo Bazán tense pechado coa publicación, pola Facultade de Letras de Madrid, d-unha nova edición dos seus "Cuentos", e a d-unha conferencia de Evaristo Correa Calderón, "La Pardo Bazán y su Epoca", e outra de Javier Sánchez Cantón, "Doña Emilia Pardo Bazán en la Facultad". Benito Varela Jácome escolleu o estudo d-outro aspeito da obra da ilustre escritora, para tema do seu traballo "La Pardo Bazán y su Nuevo Teatro Crítico". "Estampas Vivarienses", volume de cuidada presentación, do que o autor Enrique Chao Espina, contén unha primeira parte adicada á algunhas notas retrospectivas do autor, seguida pola sentida evocación de varias figuras vivarieñes, e, finalmente, diversos textos d-outros escritores que colaboran na obra. O libro "Monterrey y el Camino de Santiago" da ensexo ao seu autor, Benigno González Sologastúa, para facer revivir, con senso histórico, alguns sucesos do pasado da nosa terra...

A mais recente produción literaria de Ramón Otero Pedrayo consta de duas obras, belamente escritas, como ao



DISC (cont.): -

seu autor corresponde. Unha é a leda farsa dramática "Desengano do Prioiro", teatro de máscaras, cheo de vivas imaxes e soridente diálogo. O outro libro leva o tíduo "Por os Vieiros da Saudade", e contén as crónicas, impresións e lembranzas do viaxe do seu autor a Bós Aires. Portugal, o Atlántico, e as terras arxentinas, no decorrer dun itinerario sentimental, refrexado nunha prosa de deliciosos matices, serven para que, en torno ás suas suxerencias, o escritor deixe voar a sua fértil imaxinación e nos brinde a riqueza dos seus variados e extensos coñecimentos. Mais cecáis o que ha deixar no noso esprito, mais fonda impresión sexan os capíduos dedicados ao sentimento da amistade, o relato de conversas con bôs e vellos amigos atopados novamente en lonxanas terras, a tenra evocación do amigo inesquecible, seu e de nós todos, Castelao, símbolo da amistade mesma.

E, finalmente, a poesía. O autor de "Primer Semillero de Poemas", Francisco Leal Insúa, califica de "emocións das suas soedades íntimas", este conxunto de sensacións finamente líricas que no seu libro se recoller. O poeta noyés Eduardo Núñez Martínez publicou a continuación da sua obra anterior, "Mi Cruz de Refugio", baixo o tíduo de "Metopas". Con prólogo de López Cuevillas, apareceu o primeiro libro de versos do escritor ourensán José Fernández Ferreiro, "Ribeirana do Sil", no que se atopan logradas composicións poéticas en galego.



1. DISC (cont.): -

Pura Vázquez, a poetisa de Ourense, continuou o intenso ritmo da sua produción lírica en tres novos libros de versos. "Tiempo mío", en castelán; "Intimas", a sua primeira coleición de poemas galegos; e "Columpio de Luna a Sol". Os seus versos galegos son a expresión, chea de lirismo, da sua intimidade vital e poética, e xustifican a decisión da sua autora de emplegar a fala galega como medio literario. "Columpio de Luna a Sol", que está adicado "a todos os nenos... e aos que, non o sendo xa, teñen ainda unha i-alma infantil", é unha coleición de uns oitenta poemas, belamente ilustrados, nos que realiza a fusión das duas vocacións da autora - a de poetisa e a de maestra - acadando o trunfo no difícil empeño de escribir versos cheos de xenuino espírito infantil, ateigados de tenro amor ao neno, sen artificialidade nin ár de condescendencia...

"En su mundo tan pequeño,
¡qué rosa su corazón
abriendo!"

Hay naranjitas de luna
y caballitos de viento,
y un ogro con siete manos,
y un capitán marinero...

"Y apenas abre los ojos,
y da tres pasos, corriendo!"

I-alma infantil, ensoño, - na verba, a gracia leda do cantar e da ronda... ¿Qué outras fontes, afinal, ten moita da mais limpa e pura poesía?...

2. COMPERE : (live)

Estación de Londres da BBC. Ouviron a Plácido Castro que falou dos libros galegos recentemente publicados.



- 9 -

1. COMPERE (cont.): -

A noso programa terminou. Dende Londres, desexamos
á todos os nosos ouvintes, "Boas Noites".

2. GRAMS : COLUMBIA D. 1493. "Pasacorredoiras d'Arnoya".
Dur. 15".



REAL ACADEMIA GALEGA

433
SPANISH PROGRAMMES
Monday 17th August 1953
21.00 - 21.45 BST

G A L I C I A N P R O G R A M M E No. 60

Presented by Javier Fernández.

1. GRAMS: PARL.F. 3326. Sig Tune. "Cock of the North".
5" and fade behind....

2. COMPERE: (Live) Emisora de Londres da BBC. Damos comenzo á
nosa trasmisión en lingua galega.

3. GRAMS: MUSIC UP AND OUT. Total duration 20".

4. COMPERE: (Live) Ista noite, van a ouvir un traballo de
Salvador Lorenzana que leva por titôo,
"Xeneraciós Galegas". Iste traballo dí así:

5. GRAMS: DBU 7897 (13.8.53) Duration 11'20".
"Generations of Galician Writers". Written by
Salvador Lorenzana, pen-name of Francisco
Fernández del Riego (O.C.).
Read by Javier Fernández (S.).

TEXT AS FOLLOWS:



REAL ACADEMIA GALEGA

- 1 -

"Non hai dúbida pra ningúén, de que Galicia conta con unha personalidade cultural definida. Galicia, nembargante, mantivose longo de catro séculos, de costas á súa cultura peculiar, desconocéndoa ou esquecéndoa. No século dazanove, coa xeneración chamada dos Precursores, Galicia emprincipiou a se atopar a si mesma. E desde entón, cando se inicia a obra reconstructora das nosas letras. Varias promociós de despóis, proseguiron o labor do que foron gonfaloneiros os escritores románticos.

O chegar á vida, unha xeneración háchase cos xeitos, coas normas que a xeneración anterior impuxo. O que ven, arela sempre engadir algo ó pasado. Mais no caso dos que, na nosa terra, nomeamos Precursores, non hai herdo inmediato. O legado que recollen ven de moi lonxe. Emporiso a súa obra, vencellada á un pretérito recuado, é, en certa maneira, tota ía unha tarefa de oración.

O século derradeiro ven a ser na España, o século das xeneraciós. Arredor diste tema das xeneraciós, teñen falado dabondo Azorín i-Euxenio d'Ors, antre outros. Ortega tencionou teorizar, montando sobre a custión, unha sistemática súa.

Pol-o que respecta á Galicia e ós homes fideles ó mandado da cultura galega, poderíamos falar da esistencia de tres xeneraciós: a dos Precursores, a dos Novecentistas ou Continuadores, e a dos Novos. Caberia, con todo, axitarse ó conceito xeneracional, formulado recentemente por un escritor contemporáneo. Pra iste escritor, a medida trascendental do ser é a súa trintena. Trinta anos, a valoración histórica da edade: unha xeneración cada trinta anos, formada por tres promociós ou décadas.

Consoantes con ise criterio, poderemos ollar cómo se integra a xeneración dos Precursores, pra rubir deica á dos nosos días.



O simbolo humán xeneral do Romantismo galego, é o fondo amor ó país natal. Amor ó que nos é propio, individual, xenuino. Atal amor maniféstase na poesía, na dirección da historia, no estudo da lingua.

Os rasgos típicos da xeneración refréxanse na fidelidade ó autóctono, e na rebeldía contra todal-as formas vulgares e filisteas de canto nos é estrano. Xurde a poesía culta i-en galego, coa "Alborada" de Nicomedes Pastor Diaz, no ano 1.828. A acción dos poetas que de eiqui arrinca, compétana os historiadores e os filólogos.

Son figuras destacadas do primeiro intre, o doctrinario político Antolín Faraldo, e o historiador romántico Benito Vicetto. Siguen decontado, Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Saco y Arce, e Rosalia Castro. O núcleo derradeiro véneno a representar Lamas Carvajal, Curros Enríquez, e Leiras Pulpeiro.

O texto sintonizador dista época do rexurdimento, é un texto poético: o "Album de la Caridad", aparecido en Galicia no ano 1.862.

A finás de século, xurde no noso país, unha nova xeneración: a dos Continuadores, Novecentistas, ou do segundo Renacemento. Cando ista xeneración se asoma á vida, os seus compoñentes atopan - como toda xeneración - , ista doble paisaxe: o pasado e o porvir. Vivir é recibir o que teñen elaborado os antepasados, e deixar nacer unha cousa ou varias cousas máis: algo que escorre en cada individuo, a traveso dos seus ideáis. O estado do individuo depende da ecuación antre istos dous elementos: o pasado e a novedade.

En tal senso, a xeneración novecentista está integrada polo conxunto de produtores espirituás galegos, cuia obra - en cada campo - supón unha superación metódica, inmediata, da obra dos Precursores.



- 3 -

A promoción primeira dista xeneración fórmase cos homes nados arredor dos anos 1.880-90. Espritoalmente, ista promoción é a do simbolismo. Seus membros componentes son, inicialmente, individualistas, inadaptados, amantes do esótico. Máis tarde, axúntanse baixo dun lema: Galicia, e operan sobor dos textos da doctrina galeguista. Libros que se poden considerar como definidores, son: "Nós os inadaptados" e "Arredor de si". Os nomes representativos son: Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas, Vilar Ponte.

Ista promoción vaise achegando, compenetrándose coa realidade galega. A verdade de Galicia choutalle ós ollos, e o seu espírito atópase rexamente aferrado a illa. As cousas fondas dos nosos males nacian do desconocemento de nós mesmos. Galicia estaba arredada da súa auténtica tradición histórica, e divorciada de Europa.

O noso país, por medio desta promoción, realiza un supremo esforzo pra salvar a súa historia, ceibándose do seu pasado máis perto, e percurando a reincorporación á cultura galega, dállela dos pobos más adiantados.

Son carauterísticas dos homes que a integran: a afición á paisaxe, á núa física galega, ó folk-lore, ás peculiaridades histórica e cultural, nas súas varias manifestaciós. Un eisáme do clima vital e do clima político interno, confésanos o acento anovador portado pol-a primeira promoción dos Continuadores.

O xuntoiro xeneracioal que emprincipia a xeira do segundo renacemento, sucede a promoción dos escritores nados arredor do 1.900, data ista que constitue o seu eixo temporal. O lema que os vencella é o dunha Galicia europea. Os libros directrices difiren un tanto dos precedentes. A revista aglutinante é a Revista "Nós", fundada polos homes da xeneración denanterior. Os intelectuais que nela



se agrupan son: Rafael Dieste, Viqueira, Montes, Correa Calderón, Plácido Castro, Filgueira Valverde; un xornalista: Paz Andrade; un economista: Peña Novo; e un político: Porteiro Garea. O aito declarativo do grupo poderíase centrar na criación do "Seminario de Estudos Galegos". O espírito común que os informa radica nun amor extensivo a Europa, vinculado á unha Galicia galega e universal.

A terceira promoción é a dos nados despóis do ano 1.910. O seu lema coincide en sustancia, cos dos seus inmediatos antecesores, Tipos caracterizados dila, son: Carballo Calero, Iglesia Alvariño, Cunqueiro, Ramón Piñeiro, Anxel Fole...

En poesía, teríamos: Promoción primeira: Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Taibo e Lopéz Abente. Existe neste conxunto, unha certa discordancia nas datas de nacemento, que desbeira a década á que nos vimos contraendo. Pero, en troques, hai unha acordancia no acento da súa actividade. A poesía que todos realizan singularizase pol-a súa fonda galeuidade, pol-a pureza de teima, e pol-o anovamento da forma.

A promoción segunda ten en Manuel Antonio, Amado Carballo e Bouza Brey, entre outros, ós seus máis destacados persoeiros. Antre o grupo de poetas epígonos do simbolismo e o novo grupo que inaugura a súa vida literaria de 1.920 a 1.925, - prodúcese na España o chamado movemento ultraísta, derradeira secuencia do simbolismo. Dito movemento chega á península cos primeiros infruxos franceses de Max Jacob, Cocteau, Apollinaire, etc. Non infriue directamente na nosa poesía; pero sí, por contaxio, nalgús dos seus representantes.

A promoción terceira fórmala Cunqueiro, Carballo Calero, Iglesia Alvariño, Delgado Gurriarán, e algús que chegan despóis.

Ollado asín o proceso sumario das dúas xeneracións que viñeron actuando ó servicio da cultura galega, - cabe preguntarse si non xurdirá a terceira, portando o contido espiritoal, que a época actual impón. Os sintomas son, desde logo, alentadores. Todo



- 5 -

coincide en acretar que se está xestando o ambicioso programa dunha nova mocedade intelectual galega. Arredor da publicación "Grial" e da editorial "Galaxia", estáse centrando un pulo anovador que, axuntando os homes da xeneración derradeira cos que agora nacen á nosa cultura, promete xenerosos froitos pra o porvir. No campo concreto da poesía, os nomes de Pura Vázquez, Manuel María, Luz Pozo, Cuña Novás, amosan xa, coa obra feita, a verdade da afirmación que establecemos.

Asegún o conceito orteguiano, existen duas tendencias na filoxenia xeneracional: Cando a xeneración nacente se atopa á gusto, é estabrecedo, e aumenta o que atopa, sin discutir dilo; é o caso do que Ortega chama "Xeneración cumulativa". E cando a nova xeneración disinte do que atopa, cando abre xeiras de loita, e de polémica; é o caso do que il nomea "xeneración combativa". No campo da vida espiritual de Galicia, a labor da hora presente, da xeneración que se está xestando, recolle con senso de actualidade o sustantivo da nosa tradición; pero revisa nila o que é revisable, pra acompañala ó ritmo dos tempos que nos tocó vivir".

1. COMPERE: (Live) Aíqui termina o traballo tidoado "Generación Galegas", que foi escrito especialmente pra BBC, por Salvador Lorenzana.

Emisora de Londres da BBC. Antes de cerrar a nosa emisión en lingua galega, escoiten "Alalá das Guruxeiras" interpretado pol-o "Coro de Ruada".

2. GRAMS: COLUMBIA (A.1485) W. 1415.
"Alalé das Guruxeiras" by Coro de Ruada. Dur: 2'

3. COMPERE: (Live) O noso Programa terminon. Desde Londres, desexamos á todos os nosos ouvintes "Boas Noites".

4. GRAMS: COLUMBIA D. 1493 (W.K. 1400)
"Pasacorras d'Arnoya", Duration 1'
REAL ACADEMIA GALEGA



EKH

SPANISH PROGRAMME

Monday, 7th June 1954.
21.00 - 21.45 BST

GALICIAN PROGRAMME No. 68.

presented by

Javier Fernandez.

1. GRAMS: Parlophone 3326. Sig.Tune: "Cock o' the North".
10" and fade behind...

2. GRAMS: DBU.25386., 29.5.54., duration 13'

Lead-in; text as follows:-

"Emisora de Londres da BBC. Damos comenzo á
nosa trasmisión en língua galega."

(Music up and out. Total duration 20")

"Ista noite, vamos a radiar un traballo de
Salvador Loranzana titulado "O Galeguismo de
Valle-Inclán". Iste traballo dí así:-"



REAL ACADEMIA GALEGA

- 2 -

"Arredor de Don Ramón María del Valle-Inclán tense feito abondosa literatura. Nem bargante, foron contadas as plumas que tencionaron afondar na raigaña galega do xenial escritor. E iso cando a seiva de Galicia fecundóu, xenerosamente, a planta da sua ~~persoa~~ lidade e da sua obra. Pra nós deica tal punto, que non resulta doadoo discriminar onde emprincipia a arte valle-inclanesca, e onde remata a ialma do país que a fixo xurdir.

Valle-Inclán nacéu en Vilanova de Arousa, o 28 de outubro do 1886. Iste pobiño atópase situado na belida Terra do Salnés. Trátase dunha bisbarra de romance, onde cada lugar leva co nome unha vella historia. A paisaxe ten ali un singular engado. Hai un vicioso verdor nos milleirales. Longas carballeiras dan acobillo ó misterio. Pol-a noite, arredor da lareira dos vellos casales, axigántanse os parladoiros da cociña: pecados, mortes, miracres...

Eiquí, niste ambiente, criouse o escritor. Era membro dunha familia inquedá, con casas e parentes en todas partes. Ilo permitiulle percorrer, a eito i estesamente, os horizontes da paisaxe natal. Vai de vila en vila, de lugar en lugar, e de pazo en pazo. As suas corrierias infantís non teñen remate: hoxe a Paradela co tío crego, mañá coa aboa a Puebla do Deán, pasado en Sobrán, de camino pra Padrenda...

No engaiolador esceario do Salnés recolle o nano Valle-Inclán, moitedume de impresiós que se lle grabarán pra sempre. Ten de se percurar nilas o primeiro e

REAL ACADEMIA GALEGA



positivo infruxo que, máis tarde, trascenderá na sua obra. Non esquecerá, ó longo dos seus días desacougados, as mil e mil miudezas en que emprincipia a representar a sua propia vida.

Outra influencia ten de determinala o ambiente familiar. Hai no seu linaxe unha executoria de prestixiosa fidalguía. Por unha e outra ponla, os seus ascendentes pertenecen á millor nobleza galega. O destino do escritor foi o de perpetuar as narraciós da estirpe. No temario valleinclanesco poden descobrirese os varós de ambas liñas: o Colexial Maor, o Abade, o Capitán de Granadeiros, o Poeta....

A estada en Santiago durante os anos de mocedade, é un terceiro motivo a considerar na sua formación espiritual. Non foron los estudos de Leis, que tivo de deixar. Pero sí a ialma da cidade, das suas pedras e das suas xentes, das que Valle soupo cousas moi peleriñas. Nalgunhas páxinas do novelista pode descobrirese o ingrediente compostelán. Un dos componentes fundamentás da visión de Ligura, é, sin dúbida, a sua lembranza de Compostela. E na "Lámpara Maravillosa", acesa cos silencios e soedades de Galicia, aparece viva a interpretación da cidade: "inmovilizada en el éxtasis de los peregrinos, junta todas sus piedras en una sola evocación... Allí las horas son una misma hora, eternamente repetida bajo el cielo lluvioso".

Cando volta da sua viaxe a México, Valle-Inclán reside algún tempo en Pontevedra. A sua estancia ali terá de repercutir rexamente na obra e no home. Mantén iste, contacto directo e discente con un persoaxe de conversa suxestiva e gran curiosidade intelectual: Don Jesús Muruáis. A carón dil conoce, de xeito fragmentario e



indirecto, a Barbey, a D'Annunzio, Ibsen, Eça de Queiroz, Paul de Kock, e a outros escritores europeos; conoce tamén, o más caracterizado das letras francesas daquil tempo. É decir, que a sua estética, practicada i espresada más tarde, ali ten raíz.

Pero o trato con Muruáis e a sua tertulia de amigos, se non cingue soio á orientación literaria. Era Muruáis un home de psicoloxía peleriña, que se movía en pleo antroido. A sua casa era lugar estrano onde se vivía representando, ante unha colección de paxaros raros e outras alimañas en completa libertade. Pois ben, niste clima de extravagancias adequiriu Valle o aprendizaxe e ainda os elementos do que tiñan de ser a sua facha e a sua ostentación.

Da terra natal zugóu asimade novos recursos, durante as sucesivas e periódicas estadas nila. En Cambados pasóu días memorabres, reintegrado á paisaxe infantil da Terra do Salnés. Logo na Puebla do Deán, na outra beira da ría de Arousa, metido a labrego e gandeiro. Soñaba daquela con ser un señor dono de facendas que vencellar ó seu linaxe; i en certo intre tencionou rehabilitar os titulos de Marquesado de Valle, Vizcondado de Vieixin, e Señorio de Caraminal.

A Galicia retornóu, ó cabo, pra morrer no seu seo. En Compostela escorron os derradeiros momentos da vida de Don Ramón María del Valle-Inclán, pois que en ningures encaixaba como eiquí, a figura senlleira do escritor.

Galicia tiña que ser así clave obligada pra poder interpretar canto Valle-Inclán é, e representa. Sin illa non é posibre chegar ó que é auténtica sustancia da sua obra. Emprincipiando pol-a propia paisaxe. Non cabe dúbida de



que a verdadeira paisaxe, a única de Don Ramón, é a galega. Algún ambiente das suas criaciós, por esixencia dos asuntos, pode ser doutros países ou doutras terras; pero a única entranable é a galega. O seu ideal paisaxístico non é, certamente, o dos horizontes da bisbarra nativa. Iste atópanse presentes na sua obra, pero non coma fondal escénico dos persoaxes. Cando describe o lugar da aición, pensa máis que nas paisaxes de ribeira, no que chamamos os seus paisáns a montaña. Na paisaxe de Galicia, as rias tiñanse retratado moitas veces; nembargante, a montaña gardaba un percurado atractivo de taboa primitiva: horizontes outos de carpazas e liñares, con mulleres que fían diante de chouzos de pizarra, pegureiros de frío ollar, estreitos regueiros de augas louridas... Valle e o seu tempo escolleron os primitivos. Con todo, inda que o autor troque as paisaxes, o seu pensamento mantense vencellado á Terra do Salnés.

Como a paisaxe, tamén a onomástica e a toponimia da obra valleinclanesca son, na meirande parte, galegas. A derradeira refirese moi poucas veces a un siñificado concreto de lugar. Trátase tan só de empregar a posibilidade dunha cadencia máis, no "engado" da lingoaxe. Así, ises nomes que poden alcontrarse en bisbarras achegadas ou alonxadas da xeografía do país: Brandeso, Bradomín, Cela, Viana do Prior, Cangas, Nigrán, Agar, Amahía, Tor, Arnova...

O tema é, outravolta, en moitas ocasiós, tipicamente noso. O da "Sonata de Otoño", onda todolos elementos cooperan a criar esa impresión de ambiente outonal. "Flor de Santidad", na que se alenta un clima de doce poesía popular, milagreira, pura e bela a forza de inocencia.



En "Aromas de Leyenda", que utiliza o autor pra cantar a Galicia, percurando a sua inspiración no pobo. En "Divinas Palabras", ou nesoutros libros onde se nos amosa a visión dunha Galicia semifeudal, decadente e primitiva. Falamos de "Aguila de Blasón", "Romance de Lobos", "Cara de Plata", polos que transitan esbardallantes i estraordinarios, Don Juan Manuel Montenegro, os seus fillos, catervas de mendicantes, e algunha que outra alma en pena.

De igual xeito, o léxico valleinclanesco está asolagada de galeguismos. E o carácter diferencial galego da prosa, é evidente. Nila revela a destreza e a finura dun ouvido ben exercitado na musicalidade da fala natal. Velahí temos a nota distintiva da acentuación rítmica.

E decir, as medidas nas que, ó xeito do compás da música, aparecen distribuidos os acentos, xa señan os propios dos vocábulos, xa os de énfasis. Ollouno con auténtica sagacidade, o musicólogo Torner: "Valle amosa unha marcada predilección pol-o ritmo ternario. E iste forma con frecuencia períodos de catro unidades, de maneira semellante á acentuación característica do más popular dos cantos e bailes galegos: a muiñeira. Dito ritmo, esencialmente lirico, descóbrese nas obras do escritor moi por enriba do propio e singularizador da prosa netamente castelá."

A pesar de todo o expresado, a raigaña galega de Valle-Inclán é ainda máis fonda. Non é só a paisaxe, a toponimia, o tema, o léxico. Nefecto, o seu galeguismo vai máis aló de certos asuntos, ambentes e recursos expresivos; a actitude fundamental, o estilo, o xeito de deitar os temas cara unha determinada ladeira interpretativa, son fundamentalmente galegos. As constantes galaicas do



- 7 -

lirismo, do humorismo e do barroquismo están decote presentes na sua obra, como ben apuntou Celestino de la Vega. Incluso - engade - na que corresponde á derradeira etapa: Os "Esperpentos" e "El Ruedo Ibérico". Eiqui "nin o ambiente, nin os persoaxes, nin o léxico permiten descobrir rastro algúns galegos. Pero o galego está na base".

Don Ramón María del Valle-Inclán é, en definitiva, un escritor de Galicia. El mesmo, que se consideraba moi galego, valoraba a sua obra como categorización estética do seu país. Os seus ollos albiscaron o que hai de valores eternos na terra natal e nas xentes que a habitan; asín soupo zugar do plano anecdótico notas esenciais fora do tempo e do espacio. Propúxose afincadamente a "derradeira" decantación da ialma galega", e acadou unha literatura autóctona con valeamento universal.

E por iso que a vitalidade do xenial escritor ranxe ainda nas nosas letras. Soio nos cabe laiámonos de que non tivese empregado a propia lingua pra manifestárese. Nembargante, unha liña immorredoira na Galicia literaria, sosténa, endereitaa, dispáraa cando menos o agardamos. "

(PAUSE)

Emisora da BBC de Londres. Ouviron un traballo de Salvador Lorenzana titulado "O Galeguismo de Valle - Inclán".

O noso Programa terminou. Dende Londres, desexamos a todos os nosos ouvintes, Boas Noites.

Columbia D.1493 (WK.1400). Pasacorredoiras d'Arnoya.
Duration



REAL ACADEMIA GALEGA

SPANISH PROGRAMME
Monday, 21st March 1955
20.00 - 20.45 GMT

GALICIAN PROGRAMME No. 73

Parlophone 3326. Sig. Tune: "Cock o' the North"
10" and fade behind...

"Galician Programme No. 73"

Text as follows:

"Emisora de Londres da BBC. Damos comenzo á

nosa trasmisión en lingua galega.

(Music up and out. Total duration: 20")

Pouco antes da sua inesperada morte, o Maestro Eduardo Martinez Torner, que coñecia e amaba á Galiza, escribiu espresamente pra iste Programa, un traballo titulado "Curiosidad Literaria" cuia leitura van a escoitar.

Iste traballo di asi:



REAL ACADEMIA GALEGA

- 2 -

"Recorriendo Galicia en exploración folklórica hace ya algunos años, con objeto de formar el cancionero musical de la región, anoté en mi cuaderno la música y la letra de un romance que consideré muy interesante por la novedad del tema en el romancero tradicional. Tenía sin embargo, mis dudas acerca del origen de la letra, debido a algunos conceptos y frases que parecían de procedencia culta. La música con que me fué cantada la narración ofrecía, en cambio, todos los caracteres de la popular gallega. Comenzaba así la letra:

Padre Adan no llores duelos,
deja, buen viejo, el llorar,
pues que fuisteis en la tierra
el más dichoso mortal.
De la variedad del mundo
Entrasteis vos a gozar
Sin sastres sin mercaderes,
Plagas que trujo otra edad....

La sospecha de cultismo en esta letra y su tema de sátira social me indujeron a buscar algo semejante entre nuestros viejos poetas. Y en efecto, el romance se halla entre los satíricos y burlescos que compuso Quevedo con su tan personalísimo estilo. La versión gallega era una traducción íntegra y fiel del original y en ella, el anónimo poeta traductor, había acertado a conservar la gracia y la mordacidad quevedescas. Constituía este caso una extraordinaria curiosidad folklórica y como tal, quedó incorporado al material reunido en mis excursiones por tierra gallega.



Hoy voy a señalar otro caso que constituye para Galicia, una curiosidad literaria. Entre la multitud de poesías sueltas que se conocen como originales de Lope de Vega, se halla un romance en que alternan par a par, términos gallegos y castellanos. Se encontraba este documento en un códice autógrafo que poseyó don Agustín Durán, el erudito colector del Romancero general, y fué publicado en la Biblioteca de Autores Españoles, en el volumen en que se recogen las obras no dramáticas de Lope de Vega.

El romance, que imita la forma de los caballerescos, relata el encuentro de los amantes Roldán y Galanzúca, separados un tiempo por haber sido ésta cautivada por los moros "riberñas de la mar". El escenario en que tiene lugar la acción es gallego, aunque no se declare así expresamente; y gallego, coruñés, es el paje que acertó a descubrir a Roldán en la figura de aquel que aparece como peregrino. Lope, llevado de su exquisita sensibilidad, quiso ambientar la poética narración empleando en ella términos gallegos, palabras de aquella habla que ya en tiempos medioeiales, había sido reconocida por los poetas castellanos como la más apta para delicadas expresiones íntimas. Ofrece el romance de Lope una encantadora combinación bilingüe y constituye, como he dicho, un caso extraordinario de curiosidad literaria. Los términos en gallego son a veces de formación arbitraria. Sin duda, Lope no conocía con exactitud el idioma y recurrió a maneras convencionales.



Dice así, en fin, el romance de Roldán, y Galanzuca:

"Triste sale el cabaleiro
 De Paris, esa ciudad,
 en busca de Galanzuca;
 nunca la pudiera hallar.
 Cautiváronla los moiros
 mañanita de San Joan,
 Collendo rosas y frores
 riberiñas de la mar.
 Sete anos había, sete,
 que las novas no le tray,
 ni la fama ni los tempos,
 que nunca saben calar.
 Para andar entre los moiros
 en traje de pobre vay,
 que donde non valen armas
 el amor busca disfraz.
 Sombrero de peregríño
 con veneras además;
 la esclaviña que levaba
 aforrada en tafeitán.
 Linda espada en el bordone,
 roto vay por la mitad
 por deitarla fora al tempo
 que debere pelejar.
 Bragas leva de brocado
 por en bajo del sayal:
 en el pecho ricas joyas
 por si menester las hay.



- 5 -

Adonde calzaba espolas
 zapato de cordobán,
 que quein no leva cabalo
 de espolas conta non faz.
 Embarcóse con los homes
 que a la Terra Santa van,
 donde a Deus los judeos
 le ficeran encravar.
 Nunca sapera ninguno
 que se chamaba Roldán
 se naon fora un pajeciño
 de Coruña natural.
 Mal tempo faz a la nave,
 muito longe vaon a dar;
 que un desdichado na terra
 también lo será en la mar.
 Quebrado se habian las cordas
 con la muita tempestad;
 deron en terra de moiros,
 forza fora la tomar.
 De noite va el peregríño,
 de noite por un jaral;
 cuando rayaba la aurora
 fallóse en una ciudad.
 Por el muro la rodea;
 comenzara de chorar:
 "Galanzuca, Galanzuca,
 hoy mia vida acabará:
 pensaba yo que en tus brazos



- 6 -

la pudiéramos pasar;

miño fado non lo quiso,

que los fados poden más.

Dos noites paseí contigo,

la tercera foste al mar.

¡Oh! mal hubieran las frores,

la verbena y arrayán;

leváronte los moriños,

e cuando te foy buscar

fallé yo sobre las yerbas

solamente tu delantal.

Ora queiro en estas pedras

escribir con mi puñal:

- Buscando su Galanzuca

aquí se mató Roldán".

A las palabras postreras

sobre la muralla está

una moriña fermosa;

bien oiréis lo que dirá:

"¿Quién sois vos el cabaleiro

que por amor vos matáis?

Que nunca los homes suelen

tanta firmeza guardar.

- Desdichado es el mi nombre,

otro vos non puedo dar;

natural soy de París

naci de sangre rëal".

Con la barba y el cabello

que tragia sen cortar



- 7 -

non le conoció la mora;

conocióle en el falaz.

Con las perlas de sus ollos,

que eran de fino cristal,

pensaba lo cabaleiro

que el alba chorando está.

Las veneras del sombrero

llenas de aljofar están,

que llanto de tales ollos

en marfil se ha de guardar.

"¿Quién sois, moriña garrida,

que de escuchararme choráis?"

- Yo soy, dijo, e non podía,

la esposiña de Roldán;

que le quitaba la fala

la memoria de seu mal.

De razones en razones

los dos conocido se han;

media noite era por filo,

los galos querian cantar,

cuando con treinta cautivos

por la mar fuyendo van".

Emisora da BBC de Londres. Eiqui termina o traballo
qu-o Maestro Eduardo Martínez Torner escribiu eispresamente
pra iste Programa, pouco antes da sua morte.

Ouvirán agora, un ensaio de Salvador Lorenzana tidoado
"O País de Valdeorras".



"Seguindo os camiños das cepeiras dos Ribeiros galegos, atopámonos no país de Valdeorras. Ista bisbarra foi decote camiño de invasión e camiño de relación de Galicia. Na época romá, formóu o chamado "Forum Cigorrorum". Hoxe, amósase ó viaxeiro como unha sinxela terra de veiga, xenerosa, ricaz. Os cultivos envolven os releves, de cómaros penedosos. O val ábrese paso esforciado antre iles, i-ensánchase en formas madurecidas, repousadas. Un río, o Sil, atravesa a veiga, dúrmese en relanzos i-espriguízase en brazos mortos.

Nacen as augas do río en outas fontaiñas, de marxes fragosas, na paisaxe mesta, na beleza grave e solemne dos cumios leoneses. Tambén seu irmán, o Miño, xurde en arborado e trebósico fondal, que infunde pavuría no ánimo de quen o fita. Ambos e doulos son ríos de montaña, pero nin un nin outro nacen probes, aterecidos. O seu orixe é rumoroso e ateigado de ambiciós.

O craro Sil, das gozosas baladas, vai labrando o seu canle en leito de pizarras. Logo faise solermino, retórcese en sinuosidades deseñadas sobor do chán aluvial. A carón das súas beiras, a viña agatuña polos balados. O cultivo da vide asolaga a estesura do val, e despóis rube polos abombeados curutos. Os pobos aproveitan os pequenos cimos e os espolós rocosos pra domear a paisaxe.

É unha morna e nidia mañá primaveiral; unha mañá despexada, barrida por un vento levián. Dediante da nosa ollada alónganse as faixas terrosas das cepeiras, xa verdecidas en pleo agromar; as manchas verde-craro dos bérbedos; o verde mentolado dos centeos. Un pouco máis lonxanos, os cómaros cobertos e os montes nus. En derradeiro termo, as cristas suadas da Serra de Queixa...



Por todal-as bandas esténdense eiqui os viñedos, coas súas curvas avencelladas entre si e co seu follax en rexurdimento. Os frutás orelan, frolecidos, os camiños. As ponlas, coma nos Idilios de Téocrito, axoellanse con promesas xenerosas e ubérrimas, ó noso paso. Zoan-aristofanescos, virxiliáns - os enxamios das vésporas e das abellas ó seu redor.

Nós non tiñamos ollado enxamáis, pousadamente, o estourido primaveiral das vides. Presenciamos, en troques, as tarefas vendimás do outono. A vendima nistas terras, é unha vendima sin afeutadas, bermellas, romás teatralerías.

Coidamos que arredor dos textos dos escritores antergos tense montado un tinglado literario enorme. Da vendima nacéu o pánico, o orixe da traxedia, a danza, o espeitáculo. Nembargantes, costa un pouco crér que todo iso teña xurdido das probes e pedreguentas viñas do Lacio e da Hélade. Pero o miragre do mundo antigo é precisamente a súa disposición pra transmutare a agre realidade, en ilusión avivecida.

Góstannos singularmente, as leituras pol-os vellos, pol-os trillados camiños distas terras. Ensancha ó peito o recendo dos eucalitos e dos castiñeiro. Prácenos sair ó campo ceibe e andar pasenijamente por un camiño pión, á lene confragración do solpór, con un libro na mán.

A campía predispón á comprensión dos poetas que teñen sentido as súas belezas e teimaron esculcar nos seus liricos engados. Antre os poucos libros que eiqui trouxemos, temos un belido libro miúdo, intacto dende fai algún tempo.



- 10 -

Istes versos están ateigados dun ár limpo, envolvestos nunha coor vivaz, construídos con liñas sesgas. O seu autor tense mergullado no goce da Natureza, e as súas criaciós liricas amosan a gracia de un brincador animismo poético. Son versos sonorosos, carregados de zume aldeán; están asolagados de risos vendimás e de ousesión pánica; son opulentos, sensuás, pictóricos, i-están verquidos nunha fala enxebre e ricaz.

Pra o poeta, dentro do marco da paisaxe,

As vidras,

ledas mozas churrusqueiras

maquilladas de sulfato

sonrrínlle ó vento coquetas.

Fora da sinfonía das cepeiras, nista paisaxe o más simbólico son os soutos de velllos castiros, que o poeta evoca na súa decadencia:

Retorto castiñeiro, outrora sán e forte

Atópase ferido do machado da morte;

as túas follíñas murchas, van caindo no chan.

¡Ouh tristura dunha árbore espíndose no vran!

Pol-o panorama do val escorre a fita retorta do río.

A suprema calidade do río é a craridade das súas augas.

Canto más transparente o caudal sexa, más belido é o río,
e más río é.

As augas do río que cruzan a paisaxe valdeorresa son,
no seu orixe, dunha máxica nidiez. Non lle rouban ó home
a terra fecunda que lle dá o viño e o pan; case que sempre



- 11 -

obedentes ó seu canle, poucas veces sinten afás de devastadoras turbenzas. Dílas dixo, metafóricamente, o poeta:

Seica din, que aló no monte,
zugoulle o sangue ós regueiros;
esforcióu doncelas fontes;
e arroubóu o ouro das serras
para gastalo no mar,
no "cabaret das sereas".

Emisora da BBC de Londres.

Acabamos de radiar un ensaio de Salvador Lorenzana encol d' "O País de Valdeorras".

O noso Programa terminou.

Dende Londres, desexamos á todos os nosos ouvintes Boas Noites.

COL. D. 1493 Pasacorredoiras d'Arnoya. Duration: 30"

-:- -:- -:- -:-



REAL ACADEMIA GALEGA

mg

SPANISH PROGRAMME
Monday, 25th April 1955
21.00 - 21.45 BST

✓81

GALICIAN PROGRAMME NO. 74

presented by

Javier Fernández

GRAMS: Parlophone 3326 Sig Tune "Cock o' the North"
20" and fade behind.

C/O

DBU 41798 - Band 1 - (23.4.55) Duration: 22"

Lead in to "Galician Programme No. 74". Text as follows:

CE 1:
"Emisora de Londres da BBC. Damos comenzo á nosa
transmisión en lingua galega.

(Music up and out. Total duration: 30")

Escoiten ó noso colaborador Salvador Lorenzana, que vai
a faguer unha lembranza de Aubrey Fitz-Gerald Bell, escritor
e crítico inglés que foi un gran entusiasta da literatura
galega. Salvador Lorenzana":

C/O

C/DLO 73629/X Discs 16 & 17. (18.4.55) "Lembranza de
A. Fitz-Gerald Bell" by Salvador Lorenzana (pen-name of
Francisco Fernández del Riego). Duration: 7'25".
Text as follows:



REAL ACADEMIA GALEGA

"A figura do escritor inglés Aubrey Fitz-Gerald Bell ten para nós unha significación entranabre. Era un espirito culto, sensibre, de rara curiosidade intelectual. Poseia dotes, pacente e analíticas, de fonda erudición. Pero, ademáis, o seu poder de enxuciar, a súa facultade de síntese, tiñano calificado como uns dos critico destacadados de fala inglesa.

Aubrey F-G. Bell gostaba dos vellos camiños do estremeiro occidental de Europa. Vivió en Portugal durante longas xeiras; pracialle vagabundear polos seus campos, entrar en cotián contaito co pobo, recibir díl impresións direitas, que recollía na antena da súa sensibilidade depurada. As súas aficións de gran solitario, induxérono a unha vida de fosco illamento, sobor das arribas do Atlántico, na súa casa de Manique. Construíu, logo, outra mansión en Portugal, perto de San Xohán de Estoril, onde disfotou de horas civilizadas...

Da súa estada en terra lusa data o máis abondoso da súa prolixa obra: "Poems from the Portuguese", "Studies in Portuguese Literature", "Some Remarks on the Cantigas de Amigo", "Portuguese Literature", e moitos outros estudos. A nosa referencia contráese soio a istes títulos, porque en todos iles ten cabida a alusión ou o análise da Galicia literaria.

O escritor británico ten emprestado, nefrito, servicios innegabres á nosa literatura. Os poetas más representativos do renacemento galego foron traducidos por él, con intelixente fidelidade, ó seu propio idioma. Na súa "Portuguese Literature", un valiosísimo libro, no que enxucia con crarividencia as manifestacións todas da nosa criación literaria, hai unha sagaz e fina versión da lírica galega primitiva. Hai, tamén, un apertado capitulo consagrado ó renacer da época romántica e do tempo moderno. O propio autor xustificao, porque "non obstante



ser agora completamente independente a língua da que saiu o portugués, despois do século XIII, o galego moderno non difire más do portugués actual que do idioma dos Cancioeiros, con que se estrenou a literatura lusa".

A través do estilo xugoso e documentado de Aubrey F-G. Bell, sorprendemos a fonda siñificanza cultural do Camiño de Santiago, "des pélerins qui vont chantant et des jongles"; o senso das parodias medievás de aitos do culto, nas que os galegos destacaban como peritos no arte de remedar; a forma como a lírica vai trasformándose en cantiga de danza; a siñificativa esencia dunha poesía peculiar.

O crítico inglés comprácese en reiterar o valor universal do idioma de Galicia nos séculos meios. No seu criterio, Alfonso o Sabio elexiuno pra a súa obra poética, non só por ser o máis dúctil, sinón porque era máis ampramente comprendido, e, coma o francés, "plus commune á toute gens". Mais, Alfonso X non tiña delicadezade ouvido pra a música de aquela lingua; fixo tan mal emprego da súa maleabilidade, que se torna na súa obra tan dura coma o máis duro castelán. Asin, as súas cantigas de miragres, ofrecen "estridente contraste coas líricas dos Cancioeiros, escritas na mesma época e na mesma língua".

Sigue Bell, morosa e miudosamente, o proceso áureo da nosa literatura medieval, deica as súas postprimeirias. Sinala, depoís, como ó longo de catrocentos anos, a fala galega consérvase estrana á criación literaria. Pra o fenómeno da eclisión romántica, ten o ouservador crítico unha ollada de vivaz comprensión. O idioma - dí - era suscetible de se anovar como instrumento de expresión literaria; e a persoalidade lingüística de Galicia, principalmente no que fai á lírica, emprincipia o camiño do seu rexurdimento. Velahi, están os primeiros vaxidos, nos poetas menores que abriron o camiño. Logo, veñen as figuras senlleiras.



O estilo de Rosalía Castro é tan fluínte, tan natural que, ás veces, máis semella música que lingoaxe; poucos autores atinguiron tal perfección de forma, sin vestixios de artificio. O engado indefinible dos versos de Pondal, está no que hai niles de remoto, de soave tenrura, de música triste; é un verdadeiro bardo celta, fillo do vento e da chuva; é, co a autora de "Follas Novas", o poeta máis xenuino que a Galicia moderna ten producido. O que en Lamas Carvaxal dá máis valor á súa poesía, é que nila, é a voz do pobo labrego a que fala; a pesares dos seus defeitos, hai nos seus poemas líricos unha música delicada que os enleva por riba da vulgaridade.

Fala ainda, o escritor inglés, con xuicio crítico e seguro, da poética de Curros, das de Noriega, Cabanillas e López Abente. Estuda tamén a nosa poesía popular, e adevirte que encerra todo o instintivo amor da poesía dos pobos celtas. Frente a obra lírica de Galicia, que ten consultado e interpretado con perspicacia, opina: "A poesía galega será - como dín os seus detractores - unha música atenuada, incorpórea; unha voz aspra e sibilante como a do vento que sopra nos xunqueiros. Pero ten un engado natural, un carácter de seu, unha atmósfera local, que lle comunican atraítivos e sabor peculiares". Nembargante, Aubrey F-G. Bell, si admite que o noso idioma é unha fala xenuinamente lírica, recoñece tamén os seus innegabres méritos pra a prosa. Despois de esaminar a producción, por il coñecida, dos prosistas galegos, remata afirmando que as posibilidades e fermosura da nosa prosa, teñen sido compridamente demostradas".



DBU 41798 (23.4.55) Band 2. Duration: 20"

Lead out to Galician Programme No. 74. Text as follows:

"Emisora de Londres da BBC. Acaban de escoitar o
noso colaborador Salvador Lorenzana que fixo unha lembranza
do escritor e critico inglés Aubrey Fitz-Gerald Bell.
O noso Programa terminou. Dende Londres, desexamos á todos
os nosos ouvintes, Boas Noites".

C/O

Col. D. 1493. Pasacorredoiras d'Arnoya. Duration: 1'



REAL ACADEMIA GALEGA

SPANISH PROGRAMME
Monday, 7th November 1955
21.30-22.00 GMT

GALICIAN PROGRAMME No.81

presented by

Javier Fernández

1. GRAMS: Parlophone 3326. Sign. Tune. 'Cock of the North'
20" and fade behind....

c/o

DBU.51178/A. (4.11.55) Band 1. Lead-in to Galician Prog. No. 81
Text as follows:

2. VOICE 1: Emisora de Londres da BBC. Damos comenzo a nosa trasmisión
en língua galega.

(Music up and out. Total duration: 45")

Escoiten o noso colaborador 'Salvador Lorenzana' que vai a
trasmitir un traballo tidoado 'Literatura Universal na
Língua Galega'. Salvador Lorenzana:

c/o

C/DLO.73629. (Discs 28-29). 21.4.55. Duration: 7'30"
LITERATURA UNIVERSAL NA LINGUA GALEGA
Written and read by 'Salvador Lorenzana'
pen-name of Francisco Fernández del Riego.

Text as follows:



REAL ACADEMIA GALEGA

"A fala galega, dócil e máxica, empréstase nista hora, a decir os más puros acentos da literatura universal. Adícase hoxe, en Galicia, preferente atención ó labor das traducións.

Un felicísimo poeta noso emprincipiou a pubricar uns Coadernos con versiós ó galego, inaugurados con poemas de Hölderlin, ós que seguirá unha escolma da obra de Stevenson. Gómez Ledo, que xa nos tiña dado en galego, as "Eglogas" de Virxilio, remata agora a versión das "Xeórxicas" do Mantuano. Celestino de la Vega e Ramón Piñeiro fixeron a tradución dos poemas céltigos recollidos por Pokorny. Dous escritores novos déronnos no propio idioma, unha coidada escolma de poesía alema. Traduxéronse, tamén, os más recentes contos dun moderno novelista norteamericano, e o opúsculo de Heidegger "Da esencia da verdade".

Fai pouco tempo ainda, que saiu do prelo un belo volume antolóxico de "Poesía inglesa e francesa vertida ó galego". Nil, Plácido Castro, Tobío Fernández e Delgado Gurriarán, atinguiaron innegabres acertos. O escritor cruñés traduxo á dez poetas ingleses, que encabeza Christina Rossetti, e que rematan con Padraic Colum. Fixo Pláciso Castro, eiquí, unha interesante laboura como traductor e como antólogo. Puxo na tarefa, sensibilidade, finura de xuicio e bó gosto. Puxo alma de poeta, a ardencia de quen sinte e fai súa, a poesía do original; de quen percura conservar o seu ton, a súa outura e a súa densidade.

Luis Tobío verquéu ó galego, a obra escolmada dun número igoal de poetas. Catro de língua inglesa, que emprincipia o romántico Shelley, e remata o norteamericano Longfellow;



e seis franceses, que van dende Baudelaire deica Louise de Vilmorin. Tobio seguiu, con amorosa fidelidade, a roita expresiva dos poetas traducidos. Se non ten permitido, nin libertades, nin treiciós, tan frecuentes nista cras de traballos.

Finalmente, Delgado Gurriarán realizou unha mañífica selección de modernos poetas de Francia; selección na que non falla ningún dos máis representativos, partindo de Verlaine e rematando en Chabenaix. O autor de "Bebedeira" ten feito máis que traducir; dános o espírito da moderna poesía francesa, en versos tan belidos como armónicos. Escolléu, a tal fin, algúns dos máis fermosos poemas; mantén logo, niles, unha gracia e unha elegancia de lingoaxe, que non semella doada de superar nunha tradución así.

Resulta, de atal xeito, a obra antolóxica, unha obra de indubidable interés. Hai, ó noso ver, antoloxías graves que tencionan recoller o mensaxe do pasado, cultivalo como un berro ó de nostalxia. Outras, máis mozas, veñen a ser como un berro ó futuro. "La poésie sera en avant", decía Rimbaud, e isto é o cometido que cumple á grata escolma de poemas ingleses e franceses, que se nos amosa como unha grácil festa pra as nosas letras.

Outra cousa, sin dúbida, é a versión galega das "Odas" horaciás con que o poeta Iglesia Alvariño nos ten sorprendido. Atopámonos na cidade de Pontevedra, nunha hora afiada e embebecida, cando o poeta nos engaiolou coa leitura en língua de Galicia, das Odas do vate venusino. Nun verso limpo e suxeidor, recriado con nidiñas expresións da montaña luguesa, soáronnos con ledicioso timbre as composicións do clásico latino. Sabido é que Horacio soupo revelar o senso musical da língua, a traveso das formas gregas. Os seus poemas, minuciosamente



pulidos, traballados, dánnos á conocer o seu inxenio, o seu senso do cómico, a súa filosofía moral. Aínda nistes catro libros de "Odas", perfeitas -onde até certo punto pon a súa inspiración ó servicio da política imperial - non prescinde da súa posición de moralista. ¡Qué cautivante resulta ouvir ó craro poeta, falar na nosa lírica língoa!

Nistas xustas versiós, Iglesia Alvariño revela longo e antigo trato co poeta traducido. As dificultades pra traducir poesía, non é mester ponderálas; son evidentes. O feitizo da poesía depende, en moito, das palabras. Cando sobre dilas se opera a máis levián mutación, córrese o risco de destruílo. Poesía é expresión. Sustituir, pois, a totalidade dos elementos verbás dun poema, por outros de distinta língoa, imprica, en calisquer caso, un grave albur. Ten de se percurar o emprego dun lingoaxe equivalente ó utilizado pol-o poeta. Tamén, dentro dos lindeiros prudentes, a fidelidade ós ritmos e cadencias do orixinal. Doado é decir que o contido da composición débese respetar escruposamente.

Pero non sempre é posibre a ouservancia simultánea das tres régoas. E o tradutor de boa fé, dubida antre conceder a primacia ó contido, ou as palabras. Pergúntase: ¿É máis importante criar novas formas, forzándoas ate onde sexa necesario, pra que señañ poesía na fala do tradutor? ¿Ou, con maior docilidade, restrinxir a súa tarefa á estricta reproducción do texto na nova língoa? Si se opta pol-a primeira distas téinicas, o perigo máis notorio é que a poesía da tradución sexa a do tradutor, e non a do traducido. Elixindo o segundo método, a versión pode ser totalmente extrapoética.

Na tradución que Iglesia Alvariño fixo das "Odas" horaciás, consérvase o ritmo da poesía orixinal, e unha freisibre fidelidade ó contido. Acadou unha armonización intelixente das dúas téinicas a que aludimos. O tradutor - bô latinista e bô poeta - ten



conseguido unha certeira trasfusión das composicións á un idioma ricaz e expresivo. Trátase dun traballo feito con dillixente amor á tarefa, cheo de acertos, e compenetrado - no seu conxunto - co espírito do poeta traducido.

c/o

DBU.51178/A. (4.11.55) Band 2. Lead-out to Galician Programme No. 81
Text as follows:

VOICE 1: Emisora de Londres da BBC. Acaban de escoitar ó noso colaborador 'Salvador Lorenzana' que lles falou da 'Literatura Universal na Lingua Galega'.

O noso Programa terminou.

Dende Londres, desexamos a todos os nosos ouvintes,

Boas Noites.

c/o

Col.D.1493. Pasacorredoiras d'Arnoya. Duration: 2'.



REAL ACADEMIA GALEGA